



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2017

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de xaneiro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2017. Expediente número 1/2017

Vista a proposta de Alcaldía do día 13 de xaneiro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores e de importe total de 102.273,62 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non estar conformadas no exercicio correspondente ou por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que aboar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicáranse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Aprobar o expediente número 1/2017 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2017 por importe de 102.273,62 euros, correspondente ás seguintes facturas:

NUM. ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2016/4610	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	576,35
F/2016/4611	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	289,89
F/2016/4612	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	275,86
F/2016/4614	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	946,12
F/2016/4615	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	305,23
F/2016/4616	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	267,12
F/2016/4617	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	876,12
F/2016/4618	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.107,09
F/2016/4619	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	385,42
F/2016/4620	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	267,00
F/2016/4621	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	205,66
F/2016/4622	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	415,44
F/2016/4623	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	544,21
F/2016/4624	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.935,12
F/2016/4626	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	314,50
F/2016/4627	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	526,74
F/2016/4628	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	852,37
F/2016/4630	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	235,54
F/2016/4632	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.321,73
F/2016/4633	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2.360,12
F/2016/4634	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	259,51
F/2016/4635	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.023,01
F/2016/4636	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	561,37
F/2016/4637	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	328,01
F/2016/4638	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	615,79
F/2016/4639	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	376,54
F/2016/4640	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.477,14
F/2016/4641	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2.457,78
F/2016/4642	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.153,94
F/2016/4643	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.089,81
F/2016/4644	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.239,87
F/2016/4645	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	322,61
F/2016/4646	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	216,00
F/2016/4647	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.389,67
F/2016/4648	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.347,69
F/2016/4649	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	262,55
F/2016/4650	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	506,51
F/2016/4651	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	212,77
F/2016/4652	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2.200,71
F/2016/4656	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	574,90
F/2016/4657	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	262,35
F/2016/4659	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	384,85
F/2016/4660	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	291,43
F/2016/4661	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	579,61
F/2016/4662	17/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.218,72
F/2016/4774	22/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.120,02
F/2016/4892	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	359,65
F/2016/4893	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.732,19
F/2016/4894	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	5.661,20
F/2016/4895	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.285,67
F/2016/4896	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.062,56
F/2016/4897	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	253,06



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2016/4898	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	423,78
F/2016/4899	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.291,49
F/2016/4900	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	444,88
F/2016/4901	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.001,80
F/2016/4902	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	316,56
F/2016/4903	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	971,80
F/2016/4904	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	217,35
F/2016/4905	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.420,23
F/2016/4907	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	515,35
F/2016/4909	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.027,14
F/2016/4910	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	295,48
F/2016/4911	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	356,02
F/2016/4912	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	868,61
F/2016/4913	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	596,03
F/2016/4915	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	197,46
F/2016/4916	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	247,71
F/2016/4918	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	340,02
F/2016/4919	26/09/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	227,32
F/2016/5006	04/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.677,18
F/2016/5007	04/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	230,76
F/2016/5037	05/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	222,92
F/2016/5038	05/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	665,42
F/2016/5040	05/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.247,62
F/2016/5041	05/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	5.769,21
F/2016/5042	05/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	709,64
F/2016/5043	05/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	302,60
F/2016/5044	05/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	551,47
F/2016/5045	05/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	231,92
F/2016/5046	05/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	634,06
F/2016/5047	05/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	504,57
F/2016/5048	05/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	522,76
F/2016/5049	05/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.064,12
F/2016/5051	05/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	972,72
F/2016/5076	06/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	216,93
F/2016/5080	06/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	565,87
F/2016/5081	06/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	316,69
F/2016/5082	06/10/2016	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	235,28
F/2016/5261	20/10/2016	B15077324	CONTENEDORES DE LA CORUÑA, S.L.	491,70
F/2016/5795	15/11/2016	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	126,54
F/2016/5807	16/11/2016	B15157894	FONTANERIA EL PARAGUAS, S.L.	139,15
F/2016/5808	16/11/2016	B15157894	FONTANERIA EL PARAGUAS, S.L.	77,44
F/2016/5809	16/11/2016	B15157894	FONTANERIA EL PARAGUAS, S.L.	114,83
F/2016/5819	17/11/2016	B15157894	FONTANERIA EL PARAGUAS, S.L.	260,15
F/2016/5820	17/11/2016	B15157894	FONTANERIA EL PARAGUAS, S.L.	82,28
F/2016/5821	17/11/2016	B15157894	FONTANERIA EL PARAGUAS, S.L.	317,38
F/2016/5822	17/11/2016	B15157894	FONTANERIA EL PARAGUAS, S.L.	57,23
F/2016/5823	17/11/2016	B15157894	FONTANERIA EL PARAGUAS, S.L.	556,60
F/2016/5843	21/11/2016	B15157894	FONTANERIA EL PARAGUAS, S.L.	490,17
F/2016/5844	21/11/2016	B15157894	FONTANERIA EL PARAGUAS, S.L.	165,77
F/2016/5898	24/11/2016	B15025661	INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS, S.L.	1.956,04
F/2016/5899	25/11/2016	B15769706	EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORIS, S.L.	5.999,12
F/2016/5910	25/11/2016	B15259765	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.	232,32
F/2016/6198	07/12/2016	B15118532	COPI FAX, S.L.	287,98
F/2016/6200	08/12/2016	46903386S	RIVAS CASTRO ROSA MARIA	119,75
F/2016/6209	12/12/2016	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	47,11
F/2016/6248	13/12/2016	B70379185	PARADA OBLIGADA FIESTAS, S.L.	4,30
F/2016/6249	13/12/2016	B70379185	PARADA OBLIGADA FIESTAS, S.L.	95,28
F/2016/6252	13/12/2016	B15813306	LOUZAO VEHICULOS INDUSTRIALES CORUÑA, S.L.U.	705,13



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2016/6255	13/12/2016	A15049943	AUTOMOVILES SIGRAS CARRAL, S.A.	146,30
F/2016/6283	14/12/2016	B15623259	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS S.L.	549,80
F/2016/6296	15/12/2016	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	60,00
F/2016/6299	15/12/2016	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	61,20
F/2016/6321	19/12/2016	B15023294	PREFABRICADOS DE HORMIGON NUCAS S.L.	18,51
F/2016/6322	19/12/2016	B15054414	VOZ DE GALICIA RADIO, S.L.U.	145,20
F/2016/6328	20/12/2016	B35074681	LA OPINION DE LA CORUÑA, S.L.	345,00
F/2016/6329	20/12/2016	B35074681	LA OPINION DE LA CORUÑA, S.L.	345,00
F/2016/6330	20/12/2016	B35074681	LA OPINION DE LA CORUÑA, S.L.	345,00
F/2016/6339	20/12/2016	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	2.182,73
F/2016/6342	20/12/2016	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE, S.L.U.	54,45
F/2016/6346	20/12/2016	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	1.318,90
F/2016/6350	20/12/2016	B15378078	COMERCIAL MALASA, S.L.U.	1.023,41
F/2016/6351	20/12/2016	B15378078	COMERCIAL MALASA, S.L.U.	9,78
F/2016/6368	02/12/2016	H15576002	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS RIO SIL, 3-4 - RIO MIÑO, 6	786,78
F/2016/6385	14/12/2016	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN (CASA CELIA)	1.260,00
F/2016/6408	21/12/2016	B15700560	GALIBOLSAS, S.L.L.	556,48
F/2016/6411	30/09/2016	H15576002	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS RIO SIL, 3-4 - RIO MIÑO, 6	828,19
F/2016/6417	26/12/2016	B70408869	ARTABRA COMUNICACION, S.L.	586,85
F/2016/6429	28/12/2016	B15708993	10D10 SOLUCIONS ACERTADAS, S.L.L.	605,00
F/2016/6451	28/12/2016	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	453,57
F/2016/6454	28/12/2016	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	49,01
F/2016/6484	30/12/2016	B15359383	AUGASERVI, S.L.	109,44
F/2016/6504	30/12/2016	G15487838	ASOCIACIÓN DE AYUDA A FAMILIARES DE DROGODEPENDIENTES	196,00
F/2017/9	02/01/2017	A28517308	EULEN, S.A.	500,94
F/2017/10	02/01/2017	A28517308	EULEN, S.A.	346,18
F/2017/11	02/01/2017	A28517308	EULEN, S.A.	251,78
F/2017/12	02/01/2017	A28517308	EULEN, S.A.	78,05
F/2017/14	02/01/2017	A28517308	EULEN, S.A.	470,85
F/2017/15	02/01/2017	A28517308	EULEN, S.A.	491,30
F/2017/17	02/01/2017	A28517308	EULEN, S.A.	89,54
F/2017/20	02/01/2017	B15023294	PREFABRICADOS DE HORMIGON NUCAS S.L.	142,45
F/2017/24	02/01/2017	A15049943	AUTOMOVILES SIGRAS CARRAL, S.A.	207,90
F/2017/31	02/01/2017	F20025318	ORONA S. COOP. LTDA.	29,00
F/2017/40	03/01/2017	B70397666	GADISEL GALICIA, S.L.	169,73
F/2017/41	03/01/2017	B33660440	SANIPLAST, S.L.	116,45
F/2017/50	03/01/2017	A15032725	EQUIPOS DE SEÑALIZACION Y CONTROL, S.A.	90,41
F/2017/52	04/01/2017	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	20,55
F/2017/53	04/01/2017	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	59,65
F/2017/57	04/01/2017	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	297,73
F/2017/58	04/01/2017	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	15,13
F/2017/62	04/01/2017	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	1.172,88
F/2017/63	04/01/2017	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	9,87
F/2017/159	09/01/2017	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	114,47
			TOTAL	102.273,62 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 19 de xaneiro de 2017.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que se trata de facturas sen reparos que non se contabilizaron con cargo ao orzamento correspondente por non terse



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

conformado ou terse presentado no concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración, por un importe de 102.273,62 euros.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que dende o seu grupo, como fan sempre que se trae un recoñecemento de obrigacións de exercicios anteriores, volven outra vez a lembrar ao grupo de goberno a importancia que ten, dado o extenso número e as cantidades enormes de diñeiro municipal que se está pagando a través deste tipo de procedementos, detectar onde está a fractura ou o fallo do procedemento para que pleno tras pleno se estean atopando con este tipo de expedientes.

Di que non hai pleno que se prece que non teña o seu recoñecemento extraxudicial de obrigas dende que está o Goberno municipal actual, polo tanto queren lembrarlles esa obrigación e, como sempre fan cando non hai irregularidades manifestas de contido, o seu voto vai ser a abstención, para facilitar o cobro desas empresas.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o seu grupo vaise abster na votación.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), sinala que no seu grupo teñen manifestado en reiteradas ocasións que os provedores deben de cobrar, pero iso non lles exime da súa responsabilidade de presentar as facturas a tempo, polo tanto, mentres o concello siga consentindo estas prácticas, vanse abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.2. Aprobación, se procede, da modificación da ficha do posto de coordinador de Protección Civil na Relación de postos de traballo no que ao grupo-subgrupo de clasificación profesional se refire

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación do día 13 de xaneiro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Con data do 9 de xaneiro de 2017, asinei providencia requirindo á Unidade de Réxime Interior proceder co informe proposta de modificación da ficha correspondente ao posto de traballo de coordinador de protección civil para que se poidan presentar á próxima convocatoria de concurso para súa provisión tanto funcionarios do subgrupo C-1 (policía locais) como funcionarios do subgrupo C-2 (axentes de protección civil).

Con data 12 de xaneiro de 2017, a Área de Urbanismo e Réxime interior emite o informe solicitado na miña providencia antes citadas.

Considerando que o órgano competente para a aprobación desta modificación da R.P.T. é o Pleno da Corporación, de acordo co artigo 22.2.i) da Lei 7/1985 de bases de réxime local, sen que se esixa unha maioría cualificada para iso.

Formulo ao Pleno da Corporación de Cambre a seguinte proposta:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da ficha da Relación de Postos de Traballo (RPT) correspondente ao posto de coordinador de Protección Civil no que ao grupo-subgrupo de clasificación profesional ao que está adscrito e á clase de funcionarios que poden ocupalo se refire, para que xunto a funcionarios do subgrupo profesional C-1, escala Administración Especial, subescala servizos especiais, clase policía local e categoría de garda poida desempeñarse por funcionarios axentes de protección civil do subgrupo C-2, escala Administración Especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais.

Segundo: Aprobar inicialmente a ficha da Relación de Postos de Traballo correspondente ao posto de coordinador de Protección Civil tal e como a continuación se transcribe:

CONCELLO DE CAMBRE

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

DENOMINACIÓN DO POSTO: COORDINADOR DE PROTECCIÓN CIVIL

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Elaborar os plans e programas básicos de prevención, auxilio e apoio para enfrontar os distintos tipos de calamidades que inciden no municipio. Inventario de recursos mobilizables e coordinar a súa utilización. Propoñer medidas de auxilio e rehabilitación. Promover e difundir a cultura de Protección Civil. Coordinar aos grupos de voluntarios. As demais funcións que lle asigne o responsable político da área.

NÚMERO DE POSTOS DE TRABALLO HOMOXÉNEOS: 1

Código: AL151700053 – Tipo de posto: S

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DO POSTO:

PRAZAS DO CADRO DE PERSOAL QUE PODEN OCUPALO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO : C1/C2

ESCALA : Administración especial.

SUBESCALA : Servizos especiais.

CLASE : Policía Local/Cometidos especiais

CATEGORÍA : Garda/Axentes de protección civil.

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Bacharel, FP II ou equivalente/ Graduado escolar ou equivalente.

REQUERIMENTOS ESPECÍFICOS DO POSTO:

Disponibilidade para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIÓN AO POSTO DE TRABALLO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 16) : 4.241,16 euros (353,43 mes)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO : 12.890,73 euros (920,77 mes +2 pagas)

OBSERVACIÓN:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Terceiro: Someter a información pública a través de anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* o presente acordo así como o seu expediente polo prazo de 20 días, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 19 de xaneiro de 2017.

Concedida a palabra a don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que a proposta consiste en aprobar inicialmente a modificación da ficha da RPT do posto de coordinador de Protección Civil, no que ao grupo-subgrupo de clasificación profesional ao que está adscrito e á clase de funcionarios que poden ocupalo se refire, para que xunto a funcionarios do subgrupo profesional C-1, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local e categoría garda, poida desempeñarse por funcionarios axentes de protección civil do subgrupo C-2, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais. Así pois, os requisitos de desempeño do posto serán os de funcionario do subgrupo C1/C2, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local/cometidos especiais, categoría garda/axentes de protección civil.

En canto á formación específica será bacharelato, FPII ou equivalente/ graduado escolar ou equivalente. Como requisito específico do posto figura a dispoñibilidade para o exercicio das funcións do posto fóra da xornada habitual de traballo.

Concedida a palabra a don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que neste punto o concelleiro competente propón a modificación da ficha do posto de coordinador de Protección Civil na relación de postos de traballo do concello, de forma que a dita praza pase de ser provista por persoal do subgrupo C1, para o que se esixe unha titulación académica de bacharelato, FPII ou equivalente, a ser provista tamén por persoal do subgrupo C2, para o que se esixe graduado escolar ou equivalente.

Dende o grupo municipal popular non comparten a idea de rebaixar o nivel de formación académica e cualificación profesional esixida para cubrir calquera posto, aplicable tamén ao que se propón con esta modificación. Non obstante isto, xustifícase na proposta elevada polo concelleiro competente e polo grupo de goberno que con tal modificación se facilita o retorno dun policía local para o exercicio de funcións propias do Corpo, do que tan necesitados se está neste municipio, polo cal, o grupo do PP vai manter o sentido do voto emitido nas comisións informativas e vanse abster.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que tendo en conta que con esta proposta a ficha da RPT non se vai ver afectada nin nas retribucións complementarias, nin na forma de provisión, que seguirá sendo o concurso, dende o seu grupo van apoiar a modificación, por entender que resulta beneficiosa á hora de poder ampliar o abano de persoal que se poida atribuír ese posto. O seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), manifesta que tamén vai votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García, Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1.3. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

O señor alcalde expón que hai unha moción presentada polo grupo municipal do PP.

Concedida a palabra a don Manuel María Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que retiran a moción presentada, de cara a que, no seu momento, se incorpore na orde do día da Xunta de Voceiros o desenvolvemento, actualización ou confección dun regulamento para a concesión de honores e distincións, do cal o municipio carece.

Tendo en consideración esa circunstancia, e para poder regular en adiante cales poden ser os méritos, dunha forma obxectiva, de calquera persoa que poida aspirar a un recoñecemento de honores e distincións, ese regulamento vailles facilitar a tarefa, polo que na vindeira xunta de voceiros levarán unha proposta de regulamento para a concesión deses nomeamentos.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir que, de todas formas, quere facer constar tamén os dous nomes xa aprobados que están pendentes de rúas, que son Marcelino Camacho, dun acordo plenario de data 30 de decembro de 2010, e Isaac Díaz Pardo, tamén dun acordo plenario do 19 de xaneiro de 2012. A primeira das mocións a instancia de Esquerda Unida, e a segunda a instancia do Partido Galeguista. Di que son os dous acordos que están pendentes.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que a colación disto ela quería consultarlle á secretaria se efectivamente non teñen un regulamento, porque ela cre que si existe, e acábase de dicir que non. Só para que quede constancia, porque ata onde ela ten entendido si existe.

A secretaria xeral contesta que hai un regulamento aprobado.

O señor alcalde engade que se vai convocar esa comisión, e que falando co concelleiro do PP esta mañá referíanse tamén un pouco a iso.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo GM (C's). Votan a prol da urxencia os seis concelleiros do PP, os cinco concelleiros de UxC, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de ACdC-SON, os dous concelleiros do BNG, a concelleira do GM (C's) e o concelleiro non adscrito.

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Única: Moción do GM (C's) para a reparación no ano 2107 do pavimento da pista existente no polideportivo dos Campóns

Rexistrada de entrada ao núm. 999/13, o día 20 de xaneiro de 2017. Consta do seguinte teor literal:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

“Dende Ciudadanos cremos posible a mellora e optimización das infraestruturas deportivas do concello co fin de que axuden, non só á práctica deportiva e ao desenvolvemento saudable da poboación, senón tamén de que acheguen un valor engadido a Cambre.

Quizais nos atopemos agora nun dos mellores momentos para o noso deporte e tal situación esíxenos un paso máis, un esforzo máis do concello para dotar das mellores infraestruturas posibles aos nosos deportistas.

C's, en colaboración con diversos clubs cambreses, elaborou un plan de mellora e optimización das instalacións deportivas. O dito plan baséase nunha especialización de cada pavillón enfocada a un conxunto de disciplinas deportivas, sen que iso supoña un obstáculo para outras modalidades e sen esquecer a función que as ditas instalacións teñen en relación cos colexios e institutos que fan uso delas.

A dureza da superficie, a súa adherencia, as dimensións útiles do xogo e zonas técnicas, o aforo, o número de vestiarios, as prazas de aparcamento, a accesibilidade, etc., son parámetros que aconsellan o enfoque de cada instalación cara a cada grupo de especialidades deportivas determinadas.

As competicións de varios días con equipos de máis aló de Galicia, e máxime con deportistas en idades temperás, moven un número significativo de persoas que precisan de aloxamento e manutención supoñendo isto unha fonte de ingresos para a hostalería e comercio cambrés.

O polideportivo dos Campóns:

- Se ben presenta carencias de accesibilidade no seu interior, as cales deberán tratarse en tempo e forma, ofrece un gran potencial para a realización de competicións de nivel debido ás dimensións internas, o número de vestiarios que permite unha rotación de máis de dous equipos simultaneamente, un aforo amplo, unha fácil localización para foráneos e unha boa capacidade do seu aparcadoiro que, á súa vez permite unha aceptable afluencia de entrada e saída de vehículos.

- Por iso pensamos nunha adaptación á demanda que na actualidade se fai por parte dos deportistas que fan uso da instalación enfocada aos deportes do patín.

- A maior deficiencia que presenta a instalación xustifícase no piso. O paso do tempo fixo mela na superficie do xogo, a cal presenta desniveis e dilatacións que complican e fan perigosas determinadas prácticas deportivas tales como patinaxe e hóckey sobre patíns. Por un lado, o desprazamento en patíns pode verse seriamente afectado ao pasar por riba das dilatacións podendo chegar a bloquear as rodas coa conseguinte perda de control do patinador e por outro, no caso do hóckey sobre patíns, ao presentar xuntas a distinto nivel, estas actúan como trampolín cuspindo a bola cara arriba co conseguinte perigo que iso leva consigo.

- Como se xustificaría un accidente destas características cuxo responsable subsidiario en último caso podería ser o concello ao tratarse dunha instalación municipal? Que outra opción ofrecemos aos usuarios? A prohibición da práctica da patinaxe? Que outra instalación se pode ofrecer?

Todo o exposto lévanos a solicitar do concello unha actuación ao respecto para o cal achegamos tres previsións de custos como xa fixemos en outubro de 2015 ao señor alcalde, no que figuran distintas solucións e a súa valoración económica.

Pavimento pista polideportiva Os Campóns.

Previsión de custos de reparación do pavimento da pista existente.

Opción A:

Subministración e aplicación de imprimación e dúas capas de resina epoxi, color a definir, a primeira rebaixada, a segunda pura; aplicadas con rolete.

Ud (m2)	Prezo	Total
800	21,20 €	16.960 €

(Prezo sen IVE)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Opción B:

Subministración e aplicación de imprimación e dúas capas de resina epoxi, color a definir, a primeira rebaxada, a segunda pura; aplicadas con rolete.

Subministración e aplicación de morteiro autonivelante epoxi, color a definir, Seirepox MF ou similar, aplicado con trola dentada cunha espesura media de 2 mm.

Subministración e aplicación de imprimación e dúas capas de resina epoxi, color a definir, a primeira rebaxada, a segunda pura; aplicadas con rolete.

Ud (m2)	Prezo	Total
800	32,89 €	26.312 €

(Prezo sen IVE)

Opción C:

Terrazo pulido.

Novo pavimento con terrazo e 4 cm de espesura, sobre morteiro de 4 cm, con pulido final, incluso pintado de liñas de xogo.

Ud (m2)	Prezo	Total
800	50 €	40.000 €

(Prezo sen IVE)

Resumo opcións:

	BASE	IVE	TOTAL
OPCIÓN A	16.960 €	3.561,6 €	20.522 €
OPCIÓN B	26.312 €	5.525,52 €	31.838 €
OPCIÓN C	40.000 €	8.400 €	48.400 €

Como nota final, considerouse que as dimensións da pista son de 20x40 m. Habería que medila exactamente.

O estado actual da pista é perigoso, tanto para a práctica do hóckey como para os usos escolares aos que se dedica polas mañás. Este perigo derívase das elevacións que ten provocado a retracción das lousas de formigón, que provocan saltos de ata un centímetro nas xuntas de corte da pista.

Por todo iso, este grupo municipal Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, propón ao pleno seguinte ACORDO:

O cumprimento neste ano 2017 da reparación do pavimento da pista existente no polideportivo dos Campóns.”

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad, voceiro do PP, manifesta que quere felicitar a Ciudadanos por traer esta moción, coa cal están totalmente de acordo. Van votar a prol, pero cunha salvidade, e dillo con todo o cariño e humildade, porque non entende que nunha moción, na que do que se trata é de adaptar e mellorar un pavillón polideportivo se fale de orzamentos. Eles aquí son políticos, polo que lle pide que suprima as opcións A, B e C, porque lóxicamente se iso se ten que contratar é un labor dos enxeñeiros municipais. Se suprime iso, están de acordo, porque se non estarían votando algo que lles vai condicionar. Pregúntase a prol de cal estarían votando, a opción A, a B ou a C, e cal estarían aprobando.

Conclúe dicindo que o PP vai votar a prol da moción se a señora concelleira elimina o texto que vai dende “Pavimento pista polideportiva Os Campóns” ata “O estado actual da pista é perigoso”, é dicir, o tramo no que se fai o desenvolvemento das opcións A, B e C, porque lóxicamente están condicionando a posible contratación a unha cifra que foi aprobada en pleno.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Toma a palabra o señor alcalde para sinalar que o que pide en concreto o acordo é o seu cumprimento neste ano 2017.

Concedida a palabra a don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, manifesta que no seu grupo coinciden co corpo e co tema desta moción, onde se pon de relevancia o estado no que se atopa unha das pistas máis utilizadas do concello. Non se pode deixar que as instalacións municipais, tanto deportivas como tamén socioculturais e demais, se vaian estragando ata que o seu uso sexa imposible ou perigoso.

Consideran que unha petición deste tipo non debería chegar a pleno, porque deberíase facer anualmente, e se cadra máis a miúdo, unha revisión e arranxo dos problemas e danos que, pouco a pouco, no que dura unha tempada deportiva, se van xerando. Limitarían dese xeito a posibilidade de accidentes, e incluso conterían un gasto que se vería incrementado se as reparacións foran a grande escala cada tres ou catro anos.

Por outro lado, coincidindo co que dixeron os compañeiros do PP, a moción que hoxe lles presenta a representante de Ciudadanos non deixa de asombralos e suscita algunha que outra pregunta, como por exemplo, quen fai eses orzamentos; onde veñen desagregados os prezos unitarios, que é algo que sempre lles piden aos representantes do goberno; ou que previsión de tempos de realización do traballo acompañan a cada orzamento.

Eles pedirían que a secretaria confirmase se poden incluír ese tipo de orzamentos dentro das mocións a aprobar polo Pleno da Corporación, porque dese xeito, como ben dixo o señor Rivas, están condicionando ao técnico cun acordo de toda a Corporación.

Continúa dicindo que son preguntas que deberían ter resposta cando se presentan con orzamentos concretos. Eles deixarían fóra da moción estes temas, poñéndose nas mans dos técnicos municipais, que son os encargados de facer ese traballo, confiando no seu labor.

De todos os xeitos, e vendo que esta moción representa un toque de atención no que ao mantemento se refire, conclúe dicindo que o grupo de ACdC vai apoiala.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, voceiro de UxC, manifesta que eles están de acordo en moitos dos aspectos que aquí se declaran, porque xa foron recoñecidos polo Goberno municipal con anterioridade. As deficiencias desa pista en concreto xa se saben, xa se recoñeceron, e ademais hai un compromiso por parte do Goberno, por parte do alcalde, concretamente no pleno dos orzamentos municipais, para levar este tema adiante.

Xa se explicou noutras ocasións que o labor do Goberno municipal non é só saber daquelas cousas que están defectuosas, senón, por desgraza, por un tema orzamentario, seleccionar aquelas que se entenden prioritarias ou non, porque os orzamentos son os que hai, non os que quixeran todos que houbera. Oxalá tiveran cartos para todo, pero o problema de gobernar é o problema de que hai que seleccionar e concretar eses aspectos.

Continúa dicindo que nese asunto xa se contestou previamente. No tema dos orzamentos non van entrar, porque cre que xa o especificaron os outros concelleiros. Pero ben, non é ese o asunto, o asunto que si lles parece máis importante é a definición final, a proposta de acordo final que se fai na moción.

Ten que dicir que non están en absoluto de acordo con ese sentido da responsabilidade que se lle quere transmitir ao Goberno municipal en canto ao que pasa, porque os propios presidentes dos equipos e os propios adestradores, se isto fose realmente un problema de desequilibrio, serían os primeiros que terían que dar a voz de alarma. El, dende logo, se fora un adestrador e soubera que iso ten ese tipo de problemáticas, non deixaría funcionar o seu equipo alí, o tería clarísimo.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Supón, ou presupón, que dende a súa responsabilidade, eses señores que coñecen moi ben a práctica do hóckey, porque dende o goberno a coñecen, pero non a practican, co cal non saben cales son as circunstancias, imaxínase que terán valorado suficientemente que hai un certo perigo, pero que ese perigo é asumible, posto que seguen mantendo a práctica nese campo. Isto non obvia, por suposto, que o campo non ten as condicións absolutamente precisas que debe ter unha pista de hóckey, non o obvia, pero ben, que saiban que eses señores non avaliaron esa resposta, nin puxeron en valor esa urxencia, esa medida perentoria tan excesivamente urxente.

En canto ao tema do orzamento, di que non o hai. Non o hai, non está avaliado e, polo tanto, non o hai e non poden responder a iso agora.

Agás estas salvidades, a eles parécelles moi ben a proposta, pero o que non poden dicir é que no ano 2017, tal e como está previsto, se poida cumprir ese escenario. Polo tanto, o cumprimento neste ano 2017 da reparación non é posible polos orzamentos que teñen aprobado. Non é posible porque aprobaron nos orzamentos que antes hai que facer a reforma do parque e a reforma da pista polideportiva da Barcala, a pista multiusos, o parque de Cela, que deron como prioritarios.

Di que aquí ten que facer un inciso, todos saben que este concello neste momento, para investimentos, está vivindo das subvencións, non teñen outro tipo de ingresos, viven practicamente das subvencións, e esas subvencións son o POS, o PAS,..., e esa cantidade é a que hai, porque se lles ensinou que non deben de gastar máis do que teñen.

Conclúe dicindo que o seu grupo aceptaría a proposta, porque a concelleira sabe, o alcalde así llo precisou, que isto eles pretenden que vaia nos plans complementarios desas subvencións, pero para iso antes teñen que aprobarse os plans principais e despois os complementarios, polo tanto, o compromiso que poden adquirir é no metelo nos complementarios no 2018, pero antes non é factible resolver o problema.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), explica que a proposta de acordo é o cumprimento da reparación no 2017, mentres que a información engadida sobre orzamentos simplemente era para saber en que cifras se moven e cal sería o custo, para que non se lles dixera aquí que non se sabía o que ese tipo de obra podería custar. Se desexan que se retire, ela agradécelles moito o apoio, e non hai ningún problema, simplemente era por achegar máis información.

Respecto do que dixo o señor González Leirós, dille que o señor alcalde comprometeuse con Ciudadanos, en outubro do 2015, ao arranxo da pista dos Campóns. No 2016 non cumpriu. O trouxeron a pleno como rogo e tampouco se incluíu nos orzamentos, iso si, díxolles que de producirse algunha baixa, que se estudaría. Agora o traen, en xaneiro do 2017, e dinlles que para o 2018.

Teñen incumprido todas aquelas melloras para Cambre que apalabraron con Ciudadanos. Ciudadanos cumpriu, eles non. Que se non hai diñeiro, que se hai outras prioridades..., dille ao Sr. García Patiño que non, que non é iso, e que o que sucede é que o Sr. García Patiño é un sectario. É un sectario porque prioriza certos sectores, contenta a determinados sectores concretos onde ve que pode haber máis filón de votos.

Dille que lle vai ler unha carta que debería poñelo encarnado como alcalde de Cambre, polo menos á súa agrupación caeulle a alma ao chan cando a leron reunidos nos locais municipais. Di que a verdade é moi triste. É unha carta que lle dirixe á Federación Galega de Patinaxe ao Hóckey Club de Cambre e nela dise que se dirixen a eles en resposta á súa solicitude da final A-4 da categoría alevín, a cal se celebra os vindeiros 8 e 9 de abril. Dise na carta que unha vez estudada a proposta, e valoradas outras opcións, vense obrigados a rexeitar o seu ofrecemento, dado que consideran que a pista non está nas mellores condicións para a práctica do hóckey, atopando deficiencias consideradas importantes para a celebración do dito evento, tales como separación de xuntas ou fochancas na pista, o que dificulta o control da bola durante os partidos. Non obstante, din que estarían



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

encantados e dispostos a volver a valorar a proposta do Hóckey Club de Cambre en vindeiras ocasións, unha vez solucionadas as ditas deficiencias. Esa carta a asina o vicepresidente da Federación Galega de Patinaxe, e dicía o Sr. González Leirós que non tiñan coñecemento de que os presidentes dos clubs lles tiveran dito nada, ela pódelle pasar a carta cando el queira.

Continúa dicíndolle ao Sr. García Patiño que isto é tan frustrante para tantas persoas que fai que o grupo de Ciudadanos se sinta totalmente decepcionado con el. Dixeron hoxe aquí que votarán a prol, é o que lle quixo entender ao Sr. González Leirós, se fixaban o cumprimento para o 2018, polos tempos das subvencións do POS. Pídelle que demostre aquí e agora tamén a súa boa vontade de cumprir coa súa palabra, e pídelle que se comprometa neste pleno a que se algunha partida orzamentaria non se executa neste ano, que dará prioridade á pista dos Campóns. Dille que así poñen todos algo pola súa parte.

Pídelle que comprenda que non se fíen, porque lles leva dicindo dende o inicio da lexislatura que si, que si, palmada nas costas e por detrás ríese deles. Pregunta se é porque son bos, porque intentan facer unha política beneficiosa para Cambre. Dille ao señor alcalde que el lles ten demostrado que primeiro é el, despois el, e máis tarde outra vez el, e se sobra algo, el tamén. Dixo que non hai diñeiro, pero había 500.000 euros para buscar para o campo dos Pinares, e logo fixeron falta 70.000 euros para a instalación de cables e luces, e buscáronse e atopáronse, sacáronse de ADL e apareceron eses 70.000 euros.

Conclúe dicindo que non van dicir agora que ao señor alcalde non lle importa se un xogador ten un accidente na pista, saben que existen outras prioridades, pero o compromiso está ben, estarían dispostos a aceptar que fora no 2018, si ou si, pero pide que lles asegure que se existe a máis mínima posibilidade de que, por algunha partida que quede sen executar, se poida facer en 2017, que se comprometa a facelo, así poñen algo todos pola súa parte.

Toma a palabra o señor alcalde para manifestarlle á concelleira de Ciudadanos que lle rogaría que non utilice o termo sectario, porque cre que é unha palabra que non o define absolutamente para nada. Di que non se buscan votos, búscanse prioridades. El tamén pode preguntarlle a ela se fixo algunha achega ao orzamento de 2017. A resposta é non, ningunha. Non fixo ningunha.

Reitéralle que no 2017 non fixo ningunha achega ao orzamento, nin para facer isto, nin para facer outro tipo de cousas. Aquí se aprobou un orzamento, entre todos os que están aquí, coa abstención da maioría dos grupos que están aquí, e non ía incluído, nin por parte do Goberno, nin por parte de ningunha das propostas que se fixeron aquí. Antes falou o concelleiro de priorizar os proxectos, e claro que hai que priorizalos. Os que fixeron achegas a ese orzamento priorizaron os proxectos que querían que se fixesen, ou por demandas ou polo menos porque crían que eran prioritarios, e fóronse atendendo os que se puideron, nada máis, nin máis nin menos que iso.

Non é cuestión de sectario, non é cuestión de escoller un deporte ou non, ou preguntalle que quería ela, non facer o campo de fútbol dos Pinares, ou inaugurar o campo sen iluminación. Igual se ela estivese no posto de alcaldesa ou no posto do concelleiro de Deportes ou de Urbanismo podería decidilo, pero non o está, tócalles a eles, e a ela non lle gustará o que decidiron, pero é así.

Continúa dicindo que non poden sacar o diñeiro dunha partida. Non sabe se ela coñece como funciona un concello, pero eles non poden pedir no complementario do POS o proxecto para arranxar a pista polideportiva de Sigrás, e logo destinalo a outra cousa. Se o fixeran así, perderían a subvención, non poden coller doutra subvención na que teñan o diñeiro e facelo. O poderían facer nun complementario se non pediran outras cousas. Se agardan a un complementario, si, iso podería facerse, se se trata de xuntar o diñeiro, non, case lle pode asegurar que non. Podería xogársela, pero el prefire ir ao seguro e dicirlles que se poden aguantar ata o 2018, no 2018 teñen a seguridade de que se vai facer, porque vai ir no complementario do 2017.

Conclúe dicindo que iso é o que lles dixeron dende o principio. Que Ciudadanos o quería facer antes, ben, pero aínda sentíndoo moito polos que practican o hóckey, sentíndoo moito por eles, porque fan un esforzo, por suposto que llelo recoñecen, pero tamén hai outras prioridades polas que o Goberno optou, e acabouse. En softball tamén querían un campo de xogo e tampouco o teñen. E o béisbol o está demandando, e tampouco poden facer ningún tipo de competición en Cambre, lamentablemente, pero as cousas son así, tamén llelo explicaron e o entenden.

Concedida a palabra a don Manuel Rivas Caridad manifesta que quere intervir simplemente para aclarar, porque a el ás veces sorpréndenlle bastantes cousas. El estivo gobernando e sabe o que é un POS, o que é un PAI e o que é o PAS, o que non está tan de acordo é coas afirmacións que o Sr. González Leirós acaba de facer sobre que hai que agardar a ver o que queda para facer o POS, PAI ou PAS complementarios.

Precisamente, como deputado, el sabe que na Deputación se ten aprobado que xa non existan o POS, PAI e PAS como tal, uníronse todos nun POS+, e o Concello con ese diñeiro, con ese POS+ que une os tres, practicamente pode decidir o que quere facer, pode decidilo. Di que de acordo que hai moitas obras comprometidas nos orzamentos aprobados, está de acordo, pero está case seguro de que tal e como están esas obras que se comprometeron a sacar a licitación, vai haber baixas substanciais, e cre que o único que a concelleira de Ciudadanos lles está pedindo neste caso é un compromiso en que se hai esa baixa, se faga este ano e non o que vén. Iso só para aclaralo.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que só lle quere facer unha aclaración ao Sr. Rivas. Dáse a circunstancia de que este ano o Goberno municipal é a primeira vez que aproba os orzamentos con anterioridade precisamente ao POS+, que moi ben definiu o Sr. Rivas e, polo tanto, o señor interventor xa ten introducido as cantidades e os proxectos do POS+ no propio orzamento aprobado, é dicir, os proxectos da Deputación non están implementados unha vez lles deron o POS+, senón que as cantidades deses proxectos xa están imputadas dende os orzamentos, cuestión que non poden modificar, porque xa están, agás que fagan unha modificación do orzamento.

Con isto o que quere dicir é que os denominados complementarios, que antes se facían ao longo do ano, agora se teñen que aprobar todos xuntos en febreiro, esa é a modificación, e xa está vendido o peixe. Os principais son os que se habilitan no orzamento municipal, porque son os que hai. Os complementarios antes a Deputación lles permitía facelo despois, agora obriga a metelos no POS+, e ten que ser un complementario que sexa unha cantidade do 20% da cantidade global do POS+. Na cantidade global o Goberno intenta introducir unha serie de proxectos nos que cre que van ter unha habilitación do 20%, se non se conseguen esas baixas do 20% terán que eliminar algún dos proxectos previstos, porque non van chegar. Se tiveran un 30% de baixas, oxalá, si que poderían implementar outro tipo de proxectos dentro desa aplicación. E se teñen xusto o 20%, pois teñen que facer o 20% que teñen predeterminado.

Nese 20% hai un que se chama pistas de patinaxe de Brexo-Lema e dos Campóns.

O señor alcalde dille que polideportiva, pista polideportiva.

Don Juan González Leirós di que perdón, que pista polideportiva, aínda que unha non é nin sequera unha pista polideportiva, senón que é unha pista habilitada e pechada, pero ben, pode chamarse pista polideportiva.

Conclúe dicindo que esa é a cuestión, entón non poden saírse de aí, teñen que irse ao 2018, non vai haber máis baixas.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo sinala que dixo o señor alcalde que Ciudadanos non achegou nada aos orzamentos do 2017, pero é que de todo o que achegaron aos do 2016 non se cumpriu



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

absolutamente nada, entón pregunta como quere que acheguen máis cousas cando aínda non lles cumpriu o do 2016. Está aí pendente.

No seu grupo entenden as obrigas dun concello como este, e saben que hai prioridades, o que pasa é que o señor alcalde non as aplica como xustamente debería facelo. Hai meses comprometéronse neste pleno á obra de acometida da rede de sumidoiros da Barcala vella, e trouxéronllela orzamentada, cousa que o propio alcalde prometeu, e non a cumpriu. Nin iso, nin por exemplo a mellora da accesibilidade das persoas con discapacidade, e mentres tanto si que están dispostos, por exemplo, á adquisicións a familia Molina mediante expropiacións, en fin, a unha serie de cousas.

Conclúe dicindo que eles creron no Sr. García Patiño. O grupo de Ciudadanos creu nel, ela creu nel, moitas persoas creron nel, e o hóckey de Cambre tamén creu nel. Dille que iso non se fai, ten que cumprir coa súa palabra como alcalde, porque senón decepcionaralos, como políticos e como veciños.

Toma a palabra o señor alcalde para explicar que el co Hóckey Cambre tivo unhas reunións exclusivamente para asinar os convenios, xamais a el, por parte da directiva do Hóckey Cambre, se lle manifestou absolutamente nada.

En segundo lugar, dille á señora concelleira que a carta que ela ten tamén a podía enviar directamente a Deportes, que polo que lle di o señor concelleiro desa área, non a teñen, ou tamén a el como alcalde. Iso que quede aí.

En canto a que non aplica as cousas como debería, dille que iso non. Non aplica as cousas como a Ciudadanos lle gustaría, e nos tempos nos que a Ciudadanos lle gustaría, pero verán a ver se ao longo deste tempo, parte das demandas que Ciudadanos fixo se van cumprindo ou non se van cumprindo, porque son demandas razoables. No tempo non se puideron facer, pero verán como se van facendo, igual non todas, pero parte, a gran maioría das que Ciudadanos fixo para o orzamento do 2017, vanse ir facendo. Non se puideron facer no 2016, pero intentarán facer as máximas posibles no 2017. Conclúe dicindo que a continuación van votar a moción.

Don Manuel Rivas Caridad pregunta como queda ao final o texto que van votar.

O señor alcalde contesta que o acordo queda o do acordo, o cumprimento no ano 2017 da reparación do pavimento da pista existente no polideportivo dos Campóns.

Don Manuel Rivas Caridad pregunta se eliminan a parte dos orzamentos.

O señor alcalde responde que el entende que o que se vai votar é o acordo, e pregúntalle á secretaria se non é así.

A secretaria xeral explica que ela estima, agás que a señora concelleira de Ciudadanos diga outra cousa, que o que están votando é o cumprimento no ano 2017 desa reparación. O que está claro é que para poder facer esa obra se necesita un proxecto técnico, elaborado por un técnico competente, e aquí non hai un proxecto técnico que os concelleiros estean aprobando, nin están aprobando un orzamento de A, B ou C.

Ela dá por sentado que a señora concelleira presentou uns orzamentos cuns importes, pero agora ten que haber un proxecto técnico, elaborado por un técnico municipal que ao mellor en vez de todo iso fai un proxecto que queda en 19.000 euros, ou pasan a ser 90.000. O que está claro é que a concelleira de Ciudadanos o que pide é o cumprimento da reparación do pavimento no 2017.

Toma a palabra o señor alcalde para engadir que ten que dicir tamén, en honor a Ciudadanos, que isto o presentou no seu día para que soberan orientativamente canto podía custar o arranxo da pista, cousa que lle agradeceron e seguen agradecéndolle ese esforzo que fixeron.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que o que se vota xa saben que efectivamente é o acordo, iso non é novo hoxe, sempre se votan os acordos, pero pregunta se a exposición de motivos non consta despois na acta do pleno, é dicir, vai constar o texto.

Evidentemente eles votan o acordo, pero pregunta que seriedade hai se non teñen ningún tipo de garantía de quen avala ese orzamento, é dicir, son números por poñer números, ela pode poñer 19.000 e pode poñer 27.000. Esta é unha Corporación, isto é un pleno dun concello, polo que van ser un pouco serios e se hai números, deben vir avalados tecnicamente e Ciudadanos presentar unha proposta dunha empresa que diga, efectivamente, como dixo o compañeiro, tantos metros de tal. Pero iso de opción A, 19, opción B, 25, iso vai constar na acta do pleno, e a ela non lle parece serio que consten cantidades que non teñen ningún tipo de aval nin de solvencia técnica.

Conclúe dicindo que dende o seu punto de vista poden votar o acordo, pero eliminando a parte que non ten substancia, porque non sería serio, ao contrario.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que ao seu modo de ver o que hai aquí, con independencia do que digan os números e as letras, é unha petición expresa por parte de dous grupos, neste caso o PP e ACdC-SON, ao grupo municipal de Ciudadanos, de que retire unha parte do texto da moción.

Entenden que lle corresponde a Ciudadanos determinar se a retira ou non a retira e, en función diso, votar o que cada un considere, sen maior problema.

Concedida a palabra a dona M^a José García Hidalgo sinala que efectivamente sen problema ningún, ou sexa, eses datos incorporáronse á moción a modo de información para que o Pleno tivera unha idea de entre que cantidades podería oscilar os custos, pero non quere dicir en ningún momento que teñan que cingirse a unha desas tres opcións, simplemente é información, nada máis. Polo tanto, se desexan retiralo, retírase perfectamente e agradece o apoio.

Toma a palabra o señor alcalde para dicir que, polo tanto, retírase toda a parte dos orzamentos. Así mesmo, pola parte do Goberno pídeselle á señora concelleira que amplíe o prazo para o cumprimento do acordo e, en vez de 2017, que ese cumprimento sexa no 2017/2018. Se o fai así, e incorpora o ano 2018, eles estarían dispostos a aprobalo tamén, porque saben fixo que nese prazo o van facer. Se non é así, non van votar a prol, porque tamén saben fixo que non se vai facer, e non van votar unha moción sabendo a ciencia certa que non o van facer.

Conclúe dicindo que, entón, eles pídenlle tamén que o acordo se redacte poñendo o cumprimento neste ano 2017/2018 da reparación da pista. Se o fai así, eles tamén votarán a prol.

Dona M^a José García Hidalgo acepta a proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación da parte expositiva na que se elimina a referencia á previsión de custos de reparación do pavimento (opcións A, B e C), e coa modificación da parte dispositiva na que se inclúe que o cumprimento sexa no 2017/2018, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o compoñen, aprobou a moción tal e como se transcribe a continuación:

“Dende Ciudadanos cremos posible a mellora e optimización das infraestruturas deportivas do concello co fin de que axuden, non só á práctica deportiva e ao desenvolvemento saudable da poboación, senón tamén de que acheguen un valor engadido a Cambre.

Quizais nos atopemos agora nun dos mellores momentos para o noso deporte e tal situación esíxenos un paso máis, un esforzo máis do concello para dotar das mellores infraestruturas posibles aos nosos deportistas.

C's, en colaboración con diversos clubs cambreses, elaborou un plan de mellora e optimización das instalacións deportivas. O dito plan baséase nunha especialización de cada pavillón enfocada a un conxunto de disciplinas deportivas, sen que iso supoña un obstáculo para outras modalidades e sen esquecer a función que as ditas instalacións teñen en relación cos colexios e institutos que fan uso delas.

A dureza da superficie, a súa adherencia, as dimensións útiles do xogo e zonas técnicas, o aforo, o número de vestiarios, as prazas de aparcamento, a accesibilidade, etc., son parámetros que aconsellan o enfoque de cada instalación cara a cada grupo de especialidades deportivas determinadas.

As competicións de varios días con equipos de máis aló de Galicia, e máxime con deportistas en idades temperás, moven un número significativo de persoas que precisan de aloxamento e manutención supoñendo isto unha fonte de ingresos para a hostalería e comercio cambrés.

O polideportivo dos Campóns:

- Se ben presenta carencias de accesibilidade no seu interior, as cales deberán tratarse en tempo e forma, ofrece un gran potencial para a realización de competicións de nivel debido ás dimensións internas, o número de vestiarios que permite unha rotación de máis de dous equipos simultaneamente, un aforo amplo, unha fácil localización para foráneos e unha boa capacidade do seu aparcadoiro que, á súa vez permite unha aceptable afluencia de entrada e saída de vehículos.

- Por iso pensamos nunha adaptación á demanda que na actualidade se fai por parte dos deportistas que fan uso da instalación enfocada aos deportes do patín.

- A maior deficiencia que presenta a instalación xustifícase no piso. O paso do tempo fixo mela na superficie do xogo, a cal presenta desniveis e dilatacións que complican e fan perigosas determinadas prácticas deportivas tales como patinaxe e hóckey sobre patíns. Por un lado, o desprazamento en patíns pode verse seriamente afectado ao pasar por riba das dilatacións podendo chegar a bloquear as rodas coa conseguinte perda de control do patinador e por outro, no caso do hóckey sobre patíns, ao presentar xuntas a distinto nivel, estas actúan como trampolín cuspiendo a bola cara arriba co conseguinte perigo que iso leva consigo.

- Como se xustificaría un accidente destas características cuxo responsable subsidiario en último caso podería ser o concello ao tratarse dunha instalación municipal? Que outra opción ofrecemos aos usuarios? A prohibición da práctica da patinaxe? Que outra instalación se pode ofrecer?

Todo o exposto lévanos a solicitar do concello unha actuación ao respecto.

O estado actual da pista é perigoso, tanto para a práctica do hóckey como para os usos escolares aos que se dedica polas mañás. Este perigo derívase das elevacións que ten provocado a retracción das lousas de formigón, que provocan saltos de ata un centímetro nas xuntas de corte da pista.

Por todo iso, este grupo municipal Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, propón ao pleno seguinte ACORDO:

O cumprimento nos anos 2017/2018 da reparación do pavimento da pista existente no polideportivo dos Campóns.”

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 90/2017, do 26 de xaneiro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Durante a ausencia de dona María Dolores Blanca García Fernández, desde o día 13 ao día 22 de febreiro de 2017, ambos os dous incluídos, os servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo sobre os que ostenta delegación especial serán exercidos por esta Alcaldía, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 1841/2016, do 18 de novembro.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, dona María Dolores Blanca García Fernández continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.»

3.2. Rogos

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/493 o día 23 de xaneiro de 2017.

1º A estrada de Cambre ao Temple é unha das de maior tráfico rodado das que transcorren polo noso termo municipal, o que unido á necesidade de facilitar unha cada vez maior seguridade viaria fai imprescindible dotar a estas dos mellores medios de cara ao ben común. Así mesmo cabe lembrar que, entre as competencias propias que un concello como o de Cambre debe exercer, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local fala das infraestruturas viarias, o acceso aos núcleos de poboación e a iluminación pública.

Sobre esta bases legal, veciños e usuarios da dita estrada puxeron de manifesto aos concelleiros do Grupo Municipal Popular a escasa visibilidade dos pasos para peóns existentes entre a urbanización A Barcala e a capital municipal, principalmente no que se atopa no inicio da primeira curva existente unha vez pasada a urbanización en dirección a Cambre, para o que solicitan unha iluminación similar á existente na dita vía xa nas inmediacións da parroquia do Temple.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite que, sen esquecer a necesaria revisión da visibilidade e iluminación dos pasos para peóns existentes en todo o noso termo municipal, se adopten as medidas necesarias para dotar dunha maior e mellor iluminación aos pasos para peóns existentes na estrada que une Cambre co Temple, especialmente o anteriormente referido nas inmediacións da urbanización A Barcala.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira da Área de Servizos, contesta que recollen totalmente o rogo en todo o que di. Explica que o alcalde xa hai máis dun mes que tivo conversas con Deputación, que é a titular da vía, sobre ese paso de cebra e sobre algún máis nesa mesma vía, porque non é o único que está nesas condicións. Por parte dos técnicos municipais, a modo de presentárllelo á Deputación, estanse barallando distintas melloras lumínicas, para ver se Deputación acepta algunha delas.

Conclúe dicindo que de momento non tiveron resposta.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Don Manuel María Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, manifesta que, simplemente por aclarar, hai un dos pasos de cebra, que é o que está xusto á entrada da base de Protección Civil, que ten unha iluminación vertical, ou ben, ten unha pequena luz roxa arriba, é dicir que ten unha iluminación suficiente como para cruzar.

El tivo a experiencia nese paso de cebra que comentaron, no que se ten atopado de súpeto cunha persoa que estaba cruzando, a verdade é que a vestimenta que levaba era totalmente escura, era de noite, e porque esa persoa tivo a precaución de pararse no medio, porque senón non sabe que tería pasado, e iso que a súa velocidade era a inferior aos 50 quilómetros por hora, como marca na zona.

Di que quizais poden poñer ese tipo de iluminacións nos pasos de peóns, ao mellor algo non moi complicado, pero co que poden mellorar a seguridade viaria nese sentido.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, por clarificar, pregunta se ese paso de peóns ao que fan referencia é o que está na estrada Cambre-Temple, despois do muro, subindo para Cambre, o primeiro que hai.

Ante a resposta afirmativa, dona M^a Olga Santos López di que agora lle cadra todo, porque o Sr. Manuel Mora Pita da Veiga non estaba na anterior Corporación, pero lembrarán os que si estaban que dese paso de peóns falaban un montón de veces. Ao mellor o Sr. Mora non tivo oportunidade de falar co Sr. Rivas, porque ela lembra non sabe cantas ocasións nas que ela mesma, que estaba daquela como concelleira de Esquerda Unida, lle pediu ao PP que iluminara ese paso de peóns, e segue exactamente igual que estaba.

Están totalmente de acordo en que é perigosísimo e todos, ou a maioría dos que están aquí, teñen levado sustos nese paso, ou como peóns, ou como condutores. E lembra perfectamente como o Sr. Marante, naquel momento concelleiro de Obras, se comprometía pleno tras pleno a solucionar esa situación. Entende que agora no PP toman o testemuño, pero nas súas mans xa estivera.

Toma a palabra o señor alcalde para sinalar que entre outros moitos tamén está o que hai ao lado do Café Manolo, que tamén é difícil, é un sitio moi escuro e cando hai follas case non hai iluminación. Di que eles xa llo pediron á Deputación, e cre que é a vindeira semana cando ten unha reunión co presidente provincial e falará do tema, pero, en todo caso, xa falon cos técnicos da Deputación sobre que concretamente neses dous teñen que facer algo especial, igual que no de Cela, ao pasar a ponte do río de Cela teñen que facer algo. Hai certos puntos que in situ foron ver cos técnicos da Deputación e están de acordo en que teñen que facer algo neles. Agarda que coa visita ao presidente da Deputación o fagan o máis rapidamente posible.

Continúa dicindo que hai pouco a Deputación de Pontevedra o que fixo foi poñer a disposición de todos os concellos de Pontevedra non só deixar elevar os pasos de peóns, senón que a propia Deputación de Pontevedra sería a que faría o estudo e a obra. O enxeñeiro municipal, o xefe de Policía e el mesmo foron a unha xornada a Pontevedra a ver como facían todo iso, e é algo que lle van poñer enriba da mesa ao presidente da Deputación da Coruña, porque é algo realmente necesario.

E se non o fan en Deputación pero llelo deixaran facer ao concello, terían moito avanzado. Está falando da estrada que está onde está o colexio Portofaro, por exemplo. Se lles deixaran elevar eses dous pasos de peóns gañarían moito en seguridade. O da Barcala, á parte de iluminar, tamén se podería elevar, en fin, están traballando nese sentido, pero é un tema difícil porque non é exclusivamente competencia do concello, pero reitera que están traballando nese sentido. Agradece o rogo porque están de acordo con el.

2º Entre os dereitos fundamentais dotados, polo tanto, da maior protección constitucional, o artigo 23.1 da Constitución Española de 1978 dispón que: *“Os cidadáns teñen o dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos nas eleccións periódicas por sufraxio universal.”*



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Entre estes representantes dos cidadáns libremente escollidos atópanse os concelleiros, quen para poder participar nos asuntos públicos en representación dos veciños que os elixiron, necesitan dispor dos antecedentes necesarios para que ese dereito de participación nos asuntos municipais sexa real e efectivo.

Concalleiros que, no caso dos que ocupamos a oposición ao goberno municipal, temos como misión, entre outras, a fiscalización das actuacións municipais e o control, análise, estudo e información dos antecedentes e ditames necesarios tanto para ese labor de control como para a documentación con vistas a decisións a adoptar no futuro.

En desenvolvemento do dito dereito constitucional, o artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local dispón que: *“Todos os membros das corporacións locais teñen dereito a obter do alcalde ou presidente ou da comisión de goberno cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.*

A solicitude de exercicio do dereito recollido no parágrafo anterior deberá de ser resolta motivadamente nos cinco días naturais seguintes a aquel no que se presentara.”

Sobre esta base legal, o Grupo Municipal Popular, solicitou mediante escritos presentados no Rexistro do noso concello de 19 de novembro de 2015, 21 de xaneiro, 29 de novembro e 22 de decembro de 2016, a remisión do informe ou informes de Intervención que deberían acompañar ás facturas emitidas e presentadas ao cobro no noso concello pola mercantil “Construcciones Miguel Queijeiro Varela” dende o mes de xuño de 2015, sen que ata o día de hoxe, isto é, máis dun ano e dous meses despois, teñan sido remitidos a este grupo municipal o informe ou informes da Intervención municipal debidamente requiridos.

Á vista da reiterada negativa do señor alcalde de Cambre que, como vemos é o encargado de cumprir coa dita obriga a subministrar a esta parte da oposición que así llo solicitou, os informes requiridos, dende o Grupo Municipal Popular requíreselle para que explique en sede plenaria os motivos da reiterada negativa a cumprir coa dita obriga legal.

O señor alcalde contesta que quere pensar, e o di con toda a sinceridade do mundo, que hai un problema de comunicación ou un erro á hora de solicitar ou de enviar a documentación. Reitera que di isto con toda a sinceridade do mundo, cre que deben reunirse e velo.

Seguramente, non di que non, é culpa do Goberno que non dá a información como os concelleiros do PP igual pretenden que se dea, pode ser, non di que non, pero o día 19 de novembro, como ben se di no rogo, dona M^a Jesús González Roel fixo unha petición pola que pide a copia de facturas con informe de Intervención. O día 21 de xaneiro do 2016 don Juan M^a Abalo pide o mesmo, con copias do informe de Intervención. O día 22 de febreiro de 2016 entréganselle a dona Rocío Vila a relación de facturas emitidas por “Construcciones Miguel Queijeiro Varela”, con informe de Intervención.

Ese informe é relativo a varias facturas e contiña un erro, que non afectaba para nada ás facturas que o PP estaba pedindo, tratábase de que no informe orixinal estaba a empresa “Exproade”, que non tiña nada que ver con isto, pero que non constaba no informe, por iso hoxe se lles entregou o informe onde consta esa empresa. A única diferenza entre o informe que se lles entregou hoxe e o outro día é esa empresa, que todos estarán de acordo en que non ten nada que ver con isto. Ou sexa, que en febreiro se lles entregou a información que solicitaban. Ten as sinaturas dos que recolleron a información.

Continúa dicindo que o día 26 de outubro, que o saltaron na exposición que fixeron, o Sr. Mora pide copia das facturas aboadas da mesma entidade. O día 23 de novembro fáiselle entrega a don Manuel Mora das facturas



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

solicitadas. O día 29 de novembro, don Manuel Mora pide a copia de informes de Intervención das facturas entregadas o 23 do novembro. O 22 de decembro de 2016 reitera a petición.

Di que lles están entregando o informe, e que é a terceira vez que llelo entregan, polo tanto, probablemente non sexa ese o informe ao que o PP se refire, pero pregúntalles se agardaron un ano para dicirlles que se estaban equivocando e que non era ese o informe que querían, que querían outro.

Parécelle un pouco inxusto que digan que non lles están dando a documentación. Primeiro porque é falso, non levan un ano e dous meses sen dar a documentación, non é verdade ese dato. E en relación con que non se lles entregou antes, respecto da petición de don Manuel Mora en novembro e decembro do ano 2016, o que lle din os técnicos de Intervención é que debe terse en conta que nas datas nas que se efectuou a solicitude o departamento de Intervención tivo unha grande carga de traballo pola tramitación do expediente de aprobación do orzamento para o exercicio 2017 e a posterior necesidade de peche do exercicio 2016, que se veu agravada polas baixas por enfermidade dos dous auxiliares do departamento, polo que non foi posible atender á petición efectuada, debido a que as ditas tarefas se consideraron prioritarias a calquera outra cuestión.

Conclúe dicindo que el reitera a súa frase do principio, cre que teñen un problema. Non é que non lles estean dando a documentación. Igual non é a documentación que o PP está pedindo e están a interpretalos mal. Pediron copias de facturas, e entregáronlles. Con informe de Intervención, e tamén llelo entregaron.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta que evidentemente si existe un problema de comunicación, ou un problema de información, pero para o seu grupo municipal si que ten que ver co grupo de goberno, por un motivo, porque a proposta que eles fan é bastante clara, os informes de Intervención, de todas as facturas que se teñan aboado a esa empresa. Polo tanto, se o Goberno lles di que se lle aboaron dez facturas a esa empresa, por un importe total de 29.367, o que evidentemente queren é que lles dean os informes de todas esas facturas, en global, polo importe total, e en caso de non existir facer constar que ese informe non se ten emitido e por que non se ten emitido, porque son facturas regulares, ou polo que sexa.

Respecto do informe que lles entregaron, xa viron que evidentemente padecía dalgún erro, porque as cantidades non coincidían, pero ben, en calquera caso, as únicas facturas que aparecen intervidas con reparos en relación con esa empresa son tres, en concreto os traballos de pintura no colexio Wenceslao Fernández Flórez e no Torrente Ballester no Graxal; os traballos de albanelería e fontanería nos Ceip Wenceslao Fernández Flórez, no Torrente Ballester e Brexo-Lema; os traballos de carpintería de aluminio na escola unitaria de Cecebre, e ningún máis. Polo tanto, pregunta que pasa coas outras facturas, pregunta se as pagaron, se non se pagaron, se están aprobadas, non están aprobadas, se hai informe de Intervención, non hai informe de Intervención.

E engade que isto o di non por nada en especial, senón porque se van ao Texto refundido da Lei de facendas locais ven que hai un artigo no que se fala dos informes sobre resolución de discrepancias, e nel dise, e que llelo aclare se pode ser o propio interventor, que o órgano interventor elevará informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local, contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Por outro lado, o presidente da Corporación poderá presentar no pleno informe xustificativo da súa actuación. Así pois, ademais de ter que ser presentadas anualmente ao Tribunal de Contas, a lei sinala esas outras dúas obrigas por parte do ente municipal.

De aí que veñan as súas dúbidas e as súas discrepancias con esa información, porque non lles é coincidente a información que o Goberno emite, coa que eles consideran que se debe emitir. Simplemente por iso é o rogo, e por iso lles gustaría que se lles aclarase debidamente se hai obriga de elevar ao Pleno, se hai algunha norma posterior ou algunha circular que diga outra cousa, que iso lles sexa aclarado.

Toma a palabra o señor alcalde e di que primeiro poñían en dúbida que lles deran a información, e ao final teñen que recoñecer que se lles daba esa información, que igual non é a que eles querían. Engade que, por certo, o

único que non interveu nesta operación con esas facturas foi o señor Rivas, o resto interviñeron todos, e el dá por feito que hai unha falta de información entre eles, porque por un lado piden as facturas emitidas, e por outro as facturas pagadas, e aí hai unha diferenza. Supón que a iso se referirán, ou ao mellor el está equivocado, por iso é mellor sentarse un día e velo co interventor directamente, diante e abertamente, porque eles deronlles a información que lles pediron, nin máis ni menos da que pediron. Facturas emitidas, facturas emitidas. Facturas pagadas, facturas pagadas. E aí hai unha diferenza, faltan facturas por pagar, se iso é ao que se están referindo. Faltan facturas aínda por pagar, si señor. Non hai informe de Intervención, por suposto que non o hai, porque aínda non chegaron a Intervención, esas facturas están en Servizos.

Continúa dicindo que esas facturas non as encargou ningún membro deste Goberno, para empezar. En segundo lugar, esas facturas están conformadas polos departamentos, dicindo que ese traballo se fixo. O que aínda lles falta é que dende o departamento de Servizos lles digan que os prezos aos que están cobrando son prezos de mercado, que é o terceiro paso que eles decidiron dar antes de que entren en Intervención. Unha vez que entren en Intervención, Intervención terá que facer o informe que considere oportuno, e acabouse.

Concedida a palabra ao señor interventor, expón que antes de nada quere aclarar un par de cousas, porque cre que hai un par de conceptos que están un pouco no ar, e cre que é bo que todos os teñan claros, sobre todo para ter claro o traballo de Intervención. En primeiro lugar di que as facturas sempre chegan a Intervención, eles as descargan, as remiten aos departamentos, e non informan en tanto en canto os departamentos non certifican ou conforman os servizos. Evidentemente Intervención non pode saber se todo o que lles chega se realizou ou non, para iso piden informes de cada un dos departamentos nos cales lles teñen que dicir, primeiro se a factura ten sido solicitada por algún concelleiro ou por algún técnico, e despois se o servizo se prestou conforme ao que se ten solicitado. É nese momento cando Intervención inclúe a factura nun decreto e procede a emitir informe.

Di que aquí se barallaron varios conceptos, como o concepto de facturas emitidas e facturas aboadas. As facturas emitidas, efectivamente, poden ser varias, pero ata chegar ao proceso de recoñecemento, imputación orzamentaria e ata o seu aboamento, pasan uns trámites. El non pode informar o que está en Servizos, xa que Servizos pode dicir que a factura está mal, en cuxo caso Intervención procede a unha devolución, para que se faga un aboamento por parte da empresa.

En segundo lugar di que se falou de que ten que dárselle coñecemento ao Pleno dos reparos emitidos por parte de Intervención, e iso segue sendo así, evidentemente. O ano pasado cre que foi no mes de febreiro que deron conta de todos os reparos emitidos por parte de Intervención, e este ano no mes de febreiro ou marzo procederán ao mesmo, unha vez teñan terminado coa liquidación. Deuse conta, de feito el cre que se debateron os reparos que se fixeron por parte de Intervención, e facilitóuselles unha listaxe a todos os grupos, cre lembrar.

Explica que unha vez ao ano tráense todos os reparos de Intervención, tráese a data de levantamento do reparo, cal foi o órgano que levantou o reparo, se foi Alcaldía ou foi o Pleno, e se o alcalde, ou no seu caso o concelleiro quere xustificar por que se chegou a esa actuación, tamén se recolle esa xustificación nese documento. Iso segue sendo así, evidentemente o que non se trouxeron son os reparos do 2016, que se traerán no 2017.

Neste caso cre que algunhas das facturas non están informadas, porque aínda non chegaron a Intervención, no momento en que cheguen, farase. O atraso un pouco viña, polo que xa se lles explicou e todos saben, porque Intervención estivo durante varios meses sen os dous auxiliares do departamento, que son os que se encargan do traballo administrativo de buscar en expedientes que están arquivados, temas de facturas, etc. Tiveron ese problema, e no momento no que se incorporaron uns auxiliares novos dunha bolsa de auxiliares foi cando empezaron outra vez a responder todas as solicitudes que tiñan pendentes, que non eran só de grupos políticos, senón tamén algún tema de provedores, porque hai un correo para informalos de como están as súas facturas, etc.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Reitera que ese traballo administrativo si que decaeu nestes meses pola falta dos dous auxiliares, o que lles impediou realizar ese traballo de auxiliar administrativo, ademais de coincidir coas datas de Nadal, e aínda que ten que agradecerlle ao persoal de Intervención que demorara as súas vacacións en tanto non había persoal, vacacións que están collendo agora, si que estiveron un pouco xustos para pechar o exercicio orzamentario e poder presentar os orzamentos en tempo e forma.

Estiveron cunha carencia de efectivos bastante grande, pero, evidentemente, si que se presentaron os informes. A cada factura na que hai discrepancia por parte de Intervención se presenta un informe de Intervención, iso non se pode poñer en dúbida. Si que se dá conta ao Pleno todos os anos, deuse no 2015, deuse no 2016, e vaise dar conta, se todo ocorre con normalidade, no 2017, para que o Pleno sexa consciente de todos os reparos que foron levantados por parte da Alcaldía. Dos que se levantaron en pleno xa son conscientes, porque estiveron aquí, pero aínda así tamén se fan constar, e todos eles remítense ao Tribunal de Contas nun informe, para que o teña e para que o Tribunal de Contas tamén sexa consciente do que se levantou.

Toma a palabra o señor alcalde para manifestar que el cre que está máis que aclarado, de todas formas, para que todos os veciños de Cambre sexan conscientes do que están falando, explica que unha vez que chega unha petición por calquera dos concelleiros, neste caso el mesmo, por ser un tema de Intervención, o que se fai é que se asina, para que Intervención integramente leve, e se non está o interventor aquí para dicilo, a solicitude. Non se lle pasa unha solicitude nova a Intervención pedíndolle que lle pase ao PP tal información, senón que a propia solicitude presentada é a que se fai chegar ao departamento, e esa é a que contestan. Di que non contestan eles dende a Alcaldía, como se pode ver na maioría das peticións que fixeron. Son os departamentos, e senón poden ir a Intervención, ou preguntar, que está o interventor aquí, directamente, ou á secretaria. A ningún dos técnicos se lles di o que teñen que contestar ou a documentación que teñen que remitir. Esa non é a súa forma de actuar, dende logo.

Concedida a palabra ao señor interventor pide desculpas ao PP pola tardanza en responder á última petición, pero dilles que foi por uns motivos que agarda que entendan. Foi o tema de que estaban sen auxiliares, e o traballo de administración o tiveron un pouco máis atrasado ao faltar as persoas que se encargan del, só estaba a técnica que se dedica a contabilizar, a técnica de ingresos e a administrativa. As persoas que se dedican ao tema de auxiliar administrativo non as tiñan, por iso o traballo de auxiliar quedou un pouco máis atrasado, o fixeron un pouco entre todos, pero non se puido facer todo, de feito houbo unha dilación de mes e medio. Conclúe dicindo que pola súa parte pide desculpas.

O señor alcalde di que van pasar ao seguinte rogo e, ante a petición de dona Marta M^a Vázquez Golpe que solicita volver a intervir, dille que non, que neste rogo xa se excederon pola importancia que tiña o que o PP quería deixar por aí. Dilles que non, que non lle veñan con que incumpra o regulamento.

Pídelle ao Sr. Rivas que por favor, que sabe que eles dous, co resto dos voceiros, quedaron en cal era o xogo nos plenos, dende principios da lexislatura. Se cre que está incumprindo, pídelle que o denuncie, como xa lle dixo a última vez, pídelle que o faga, ínstao a que o faga, a que o denuncie.

Pide por favor a dona Marta M^a Vázquez Golpe que non siga falando, que ela fixo o rogo, se lle contestou, tivo a súa intervención e acabou. Non hai réplica. Pide que dean lectura ao rogo número 3.

Ante as intervencións dos concelleiros do PP, o señor alcalde reitera que non están no uso da palabra, que isto non é un galiñeiro.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que el non é quen para negarlles a palabra nun pleno onde teñen dereito a replicar.

O señor alcalde volve pedirles que dean lectura ao terceiro rogo.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A concelleira popular reitera que lles está negando un dereito.

O señor alcalde di que lle chama a atención por primeira vez, e que non está en uso da palabra.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe insiste en que el non é quen para negarlles a palabra cando lles corresponde.

O señor alcalde manifesta que non lles corresponde a palabra, e que iso foi un acordo que o resto dos voceiros aquí presentes poden dicir se foi o non foi así.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe sinala que o que pasa é que non quere escoitar o que lle van dicir.

O señor alcalde dille que é a segunda vez que lle chama a atención, e ante a resposta da concelleira pídelle que, por favor, abandone o pleno. Di que iso é o que pretenden, empezar este ano abandonando o pleno e dicindo que non cumpren. Sénteo moito, pero dille á concelleira popular que está expulsada.

Cando son as vinte e unha horas don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP, abandonan o salón de sesións.

Don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que vai dar lectura aos rogos e preguntas presentados polo seu grupo, a continuación abandonará o pleno como o resto dos seus compañeiros de grupo, polo incumprimento reiterado do Regulamento orgánico municipal. A continuación dá lectura ao 3^o rogo presentado polo grupo municipal do PP.

3^o Coa finalidade de regular, dentro da esfera de competencias municipais, a limpeza das vías e o ornato público, establecendo unhas normas xerais de actuación e un sistema de infraccións e sancións en caso de incumprimento, o Concello de Cambre aprobou o 27 de outubro de 2005, a Ordenanza reguladora da limpeza viaria e ornato público, publicada no BOP da Coruña o 26 de novembro de 2005.

Tal e como consta no preámbulo que xustifica a súa aprobación *“con iso preténdese facer do municipio de Cambre un lugar máis hixiénico, máis limpo e habitable, de forma que os veciños poidan colaborar e ser partícipes da mellora hixiénica que o aumento e crecemento continuo do concello require.*

A razón desta ordenanza é, esencialmente, orientar, informar e, no seu caso, sancionar ao cidadán, no seu desenvolvemento cotián no medio en que está inserto.”

Xa o seu articulado, o artigo 18 da mencionada ordenanza dispón que:

“Co obxecto de manter as condicións de limpeza que esixen o ornato e a estética do municipio, queda prohibido:

- a) Realizar inscricións ou pintadas nas paredes, muros, cabinas, fachadas, valados, así como no mobiliario urbano.*
- b) Colocar carteis en lugares non autorizados expresamente para iso.*
- c) Resgar, ensuciar ou arrancar os carteis ou anuncios situados nos lugares autorizados para o efecto.”*

Pola súa parte, o artigo 20, recolle que:

“Os propietarios ou titulares de inmobles coidarán de manter limpas as paredes ou fachadas de calquera tipo de anuncio que non sexa o específico dunha profesión ou actividade mercantil.

(...)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Prohíbese a colocación de carteis, bandeirolas, pancartas, rótulos, adhesivos, así como calquera outro elemento publicitario ou de comunicación fóra dos lugares que expresamente sexan autorizados polo concello (e en concreto nas fachadas dos edificios públicos ou no mobiliario ou equipamento urbanos, por exemplo, farois bancos, marquesiñas).

O incumprimento das ditas prohibicións é tipificado no artigo 27 b) e c) respectivamente, como infraccións graves ou moi graves, que son sancionadas con ata 3000 €, sen prexuízo de esixirlles aos responsables da infracción, que realicen os traballos de eliminación do xerado e que indemnicen os danos causados.

Pese á dita prohibición normativa, os veciños de Cambre temos comprobado atónitos como apenas un mes despois da entrada no Goberno municipal do BNG, entre elas na Concellería de Cultura, Transportes e Mobilidade, provocou, entre outras, que as marquesiñas de autobús, caixas de electricidade, portas e paredes de edificios, terreos privados, etc., se teñan visto, unha vez máis, cubertos de propaganda e publicidade do dito partido político, tal e como demostran as fotografías que acompañan ao presente rogo, e a quen os veciños esixen a retirada inmediata deles.

Pola súa parte, o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúen ao alcalde, entre outras, as facultades de dirixir o goberno e a administración municipal; dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais; desempeñar a xefatura superior de todo o persoal, e acordar o seu nomeamento e sancións; o exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do concello nas materias da súa competencia, ou sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite do señor alcalde de Cambre, a adopción das medidas necesarias para a retirada inmediata da dita publicidade con aplicación, como ao resto de veciños do noso municipio, da Ordenanza reguladora da limpeza e ornato público de Cambre, incluído o réxime sancionador.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, manifesta que dende o BNG, nesta sesión plenaria, queren pedir perdón ao conxunto de veciños de Cambre por uns feitos que, dende logo, non son os que deberan. Efectivamente é unha cuestión que se fixo mal pola súa parte e el, como voceiro municipal do BNG, asume o erro, máxime porque como tenente alcalde do propio Goberno municipal de Cambre entenden perfectamente que o último que deben facer é invadir determinados útiles do mobiliario público para facer propaganda política, contravindo as ordenanzas existentes.

Di que non quedan aquí as súas desculpas, senón que se lle permiten, quere facer entrega ao concelleiro do PP unha achega fotográfica que tamén ten para o conxunto de grupos municipais da Corporación. Nela figuran todas e cada unha das fotografías que o PP achegaron ao seu rogo, son esas mesmas fotografías pero co cartel xa quitado. Quitaron aínda máis, saben que hai algunha...

Neste momento interrompe a súa intervención para sinalar que non sabe se hai algún problema de audición na sala ou algo polo estilo, ou se é unha máis que habitual falta de respecto aos membros de determinados grupos políticos nesta Corporación.

Continúa dicindo que, como dixó, son conscientes de que pode quedar aínda algún cartel sen retirar, e están procedendo a facelo na medida das súas posibilidades, coa maior folgura, coa maior rapidez posible, e entenden que a inmensa maioría xa foron retirados.

Conclúe dicindo que iso é o que pola súa parte ten que dicir. Dicía o dito latino *errare humanum est*, e no Bloque o factor humano é moi importante, e ás veces equívocanse, pero solucionan o dano causado e piden desculpas públicas, non podería ser doutra maneira.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que aceptan as desculpas, como non podía ser doutra forma, pero di que si que é certo que é unha actitude que é reiterada xa no tempo, ou sexa, non é a primeira ocasión na que isto ocorre.

Recoñece que é certo, polo que acaba de comprobar, que viron que foron retirados algúns carteis, e xa que o señor concelleiro tivo a deferencia de pasarlles esas fotografías, agora el lle pasa outras que non tiñan sido incorporadas ao rogo, porque tiñan moitas máis. Teñen estas impresas, pero había moitas máis dos sitios nos que, se aínda están, pide por favor que se retiren.

O que tamén queren poñer de manifesto é que esta actitude do BNG non é a primeira vez que ocorre, e xa unha reiteración no tempo. E o que tamén querían poñer en coñecemento é precisamente a aplicación da ordenanza, é dicir, isto ten que ser obxecto dunha sanción, por iso hai un procedemento sancionador que está previsto, e iso é o que lle querían lembrar ao señor alcalde, entre outras cousas porque se non tivera sido polos veciños de Cambre, que os alertaron, iso pese ao que pode ter dito algún concelleiro no pleno ordinario do mes de decembro. Os veciños seguen a poñerse en contacto co PP, e esa é a súa misión, a de vir aquí ao pleno e poñer en coñecemento de toda a Corporación, de todos os veciños, pero sobre todo de quen goberna en Cambre, a existencia dos defectos ou dos prexuízos que se están ocasionando ao ben común.

Continúa dicindo que neste caso concreto non basta con pedir desculpas, hai que aplicar un réxime sancionador que é o que prevé a norma. Entre outras cousas porque non pode existir unha norma que se estea esixindo para os veciños do común e non se aplique ese procedemento sancionador a un grupo político que forma parte do equipo de Goberno.

Polo tanto, entenden que ese procedemento administrativo sancionador ten que iniciarse e ten que chegar a impoñerse a multa. É máis, ese procedemento tería que terse iniciado de oficio polo propio concello. Non teñen por que ser os veciños do municipio os que teñan que alertar a un grupo político, senón que os mesmos membros do Goberno viron, como o resto dos veciños o viu, que o termo municipal estaba sendo anegado por propaganda política, en sitios nos que non debería de poñerse.

Entón, evidentemente aceptan as desculpas, como non podía ser doutra forma, pero entenden que iso non é óbice para que se inicie o procedemento sancionador e se impoñan as sancións.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que, se lle permiten, e é a súa última intervención neste apartado, postos a intercambiar, e sen ningún tipo de acritude, material gráfico co PP, tamén eles lle traen ao PP e ao conxunto de grupos políticos desta Corporación, documentación gráfica onde se ve perfectamente como en determinados puntos do Concello de Cambre, elixiron un ao chou, pero hai máis, neste caso é na Mota, existe publicidade do Partido Popular, non precisamente en marquesiñas, senón en báculos e postes de iluminación que serven a vías de comunicación públicas e, en moitos casos, como é o caso ao que se refire, trátase dunha figura perfectamente identificable, a do presidente da Xunta, don Alberto Núñez Feijóo, e o cartel non é só que macele a mácula e todas esas cousas do Concello de Cambre, senón que é un perigo, tanto para o tráfico peonil, como para o propio tráfico rodado.

Di que está falando dunha estrutura de metro e medio, dunha lona dun grosor importante, e que ademais ten partes de madeira e goma extensible.

Xa di, o BNG vai procurar mirar polo seu, pero o PP, sen acritude llo di, tamén debería mirar polo seu. O BNG está actuando coa maior celeridade, e para o PP, ademais agora que abandona o pleno, é un bo momento para que faga unha visita por diversos puntos do concello e retire o seu material. O material do PP está posto en determinados puntos públicos do concello.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Toma a palabra o señor alcalde para manifestar que non lles gusta sancionar. Di que a verdade é que cando unha comisión de festas pon os carteis por aí adiante, chaman á comisión para ver se os retiran. Cando veñen os circos do Burgo e se empeñan en anegar toda a zona do Temple e Graxal cos seus carteis, avisan a Culleredo e avisan ao circo para que os retiren.

Neste caso comunicouse ao BNG, antes do rogo que fixo o PP, que retiraran a súa publicidade, e di que non é unha cuestión de crenza, que está de testemuña don Daniel Carballada, dunha chamada directa del, como alcalde, para solicitarlle que retiraran inmediatamente os carteis. O concelleiro explicoulle que os puxera un só home, que nese momento non estaba dispoñible, pero que ía empezar a sacalos, como así foi.

Conclúe dicindo que non lles gusta sancionar se poden evitalo, esa é a realidade, e como poden ver seguro que todos eles teñen algún cartel por aí escondido, que non foron capaces de quitar, cre que absolutamente todos. Non xustifica isto, pero o concelleiro pediu perdón, equivocáronse, e el pensa que con iso é máis que suficiente.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/018 o día 23 de xaneiro de 2017, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Usuarios frecuentes do novo centro de saúde do Temple transmitíronnos a súa sensación de que unha soa praza reservada para persoas con discapacidade faise insuficiente para o tránsito que existe no dito centro. Tamén recibimos unha demanda de parte dalgúns membros do persoal sanitario que consiste en requirirnos un par de prazas reservadas ao dito persoal que facilite as saídas a domicilio de médicos e enfermeiras, tamén moi frecuentes.

Teñan en conta estas demandas para, se procede, levar a cabo o repintado de prazas.

Dona Josefa Vázquez Golpe, concelleira da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, explica que non teñen ningunha solicitude por rexistro de entrada, por escrito, na que lles soliciten isto, pero ten comprobado, falando co persoal, que efectivamente fai falta unha praza para o persoal médico, non para a ambulancia, para a ambulancia xa hai unha e o persoal do centro díxolles que chegaba.

Conclúe dicindo que unha vez que presenten a solicitude, por suposto que van pintar unha praza máis para o persoal médico.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, manifesta que efectivamente non existe ningunha solicitude por rexistro, porque son entrevistas ou contactos que eles teñen co centro médico e ao mellor en moitas ocasións non se fan, máis por temor a facelas ou demais, pero si que é certo que sendo un centro de novo funcionamento as demandas van xurdindo.

De feito di que da ambulancia non se falou, tal e como dixo a concelleira da área. Do que se falou é de que, sendo unha rúa bastante longa e sendo moi frecuentes as saídas a domicilio tanto de médicos como de enfermeiras, si que botaban esa praza de menos, e aclara que isto o faláron con determinadas persoas do persoal sanitario, e se queren lles pode dicir con quen exactamente, por se queren entrevístalos, por iso lles di que é unha demanda do propio persoal do centro. Ao ser tan frecuentes as saídas, e ao ser un centro realmente bastante masificado, resulta necesario. Veñen do outro centro onde había unha ou dúas prazas que lle permitían ao médico ou enfermeira que tiña que saír rapidamente coller o coche e ir ou vir. Nestes momentos están moi saturados.

Como a rúa é bastante longa e o repintado parécelle a ela que non debe ser demasiado complexo, invítaos a que falen con eles. Non sabe se realmente o teñen que presentar por rexistro, pero supón que xa se encargarán



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

dende esa área de tramitalo ou de trasladarlles cales son as canles correctas para que o poidan facer, pero ben, a súa intención era darlle traslado ao Goberno, porque a ACdC-SON tamén lle deron traslado. Non era outra a intención máis que esa.

Dona Josefa Vázquez Soto explica que onte estivo con Pilar, que é a xefa do servizo dos centros de Cambre e O Temple, e ela non tiña constancia de que fixera falta. Hoxe foi ao centro do Temple, a falar con eles, e efectivamente lle dixeron que necesitarían unha praza máis para o persoal médico. Para a ambulancia nada, que só cunha praza se solucionaríase o problema. Xa lles dixo que a solicitaran por escrito e que, sen ningún tipo de problema, se lles pintaría. Conclúe dicindo que, polo tanto, falou con eles, tanto coa xefa como cos do servizo do Temple.

2º Son múltiples as queixas e denuncias realizadas por veciños da rúa Sixto en relación co seu estado de deterioración, feito que dificulta o acceso a vivendas e o conseguinte perigo para a circulación, sobre todo polos restos de sinais de ferro chantados no seu firme.

O noso grupo estima que existe unha responsabilidade que non se debe eludir, cando neste caso, concorre a evidencia de inminente perigo, ademais de ter posto con anterioridade en coñecemento do Goberno estas deficiencias.

Por isto pregamos, unha vez máis, que á maior brevidade posible arranxen as deficiencias denunciadas.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira da Área de Servizos, sinala que múltiples queixas supón que foron as que lle fixeron ao grupo de ACdC, porque a eles só lles chegou un correo dun veciño notificando esa serie de incidencias que están comentando no rogo.

En canto aos restos dos sinais de ferro, dicir que era un, un sinal de ferro do cal ten a foto que lle mandou o propio veciño da rúa, e foi retirado de raíz, por dicilo dalgunha forma, o 3 de xaneiro. Quere preguntarlles, sen ánimo de nada, se hai algún máis, porque fixeron un recoñecemento pola rúa e cre que só era ese sinal. Se houbera algún máis gustarlles, por favor, que llelo dixeran, porque sinceramente non os atoparon, atoparon o que lles remitiu o veciño e pouco máis.

Por outra parte, no rogo hai un punto no que se di que pode haber perigo para a circulación, para a seguridade viaria. Dilles que a policía foi á rúa, presentáronse na zona despois de ver o correo, e perigo para a seguridade viaria non había, o problema que había eran os restos eses, porque efectivamente podía caer alguén e facerse dano con ese pedazo de sinal que había alí, pero xa lles di que foi retirado o día 3 de xaneiro.

Don Antonio Bruquetas Santos, concelleiro de ACdC-SON, expón que esta petición referida á rúa Sixto, se non lembra mal, presentárona por rexistro alá por decembro do 2015, e poñían en coñecemento da Corporación a situación da rúa. Daquela o sinal aínda estaba en bo estado, si que é certo que estaba no medio da entrada do garaxe dun dos propietarios de vivendas, co cal, ao cabo do tempo rompeu, caeu ao chan e deixou alí un cacho de ferro que, efectivamente, como confirmou el mesmo indo alí e falando cos veciños, xa está retirado. Pero ese é só un dos problemas que presenta esa rúa, un dos problemas que xa denunciaron, un veciño a través dese correo e ACdC coas peticións que fixo a través de rexistro.

Nesa rúa moitos dos problemas que ven, referíndose á seguridade viaria, teñen relación co estado no que se atopa de barro, de refugallos vexetais, de restos que a propia choiva vai deixando no medio da estrada. A el mesmo tamén lle pasou, os coches patinan nesa estrada, de tal xeito que se en tempos de choiva, con todo o firme cheo de barro, é necesario dar unha freada, xusto nese cruzamento que ademais é o que se encontra xusto co pazo onde serven as comidas, pode darse un accidente un pouco grave. Se ben é certo que as velocidades non deberían ser moi elevadas, si que se pode dar o problema.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

En canto aos sinais que están en perigo, xusto un pouco máis adiante de onde se retirou ese toco do sinal que estaba roto existe unha entrada a un sumidoiro que está sobreelevada do terreo aproximadamente un metro, case, pouco menos dun metro. Iso é unha barbaridade, de tal xeito que impide o paso dos coches directamente.

Expón que este rogo que eles traen hoxe aquí vén destinado a que se solucionen eses temas, e a que non se solucionen dun xeito temporal. No pasado díxoselles aos veciños que se lles ían arranxar as partes de diante das casas que se deixaron en mal estado, sen asfaltados, sen deixar unhas pluviais correctas. Esas entradas cubríronse con restos doutras zonas do concello, e aos propietarios díxoselles que en canto estivesen algunhas máquinas libres das obras que se estaban realizando naquela época na estrada da Castellana en Pravio...

Intervén o señor alcalde para pedirlle que se cinga ao rogo.

Don Antonio Bruquetas Santos di que si, que o rogo é precisamente por ese tema, que non se fixeron as reparacións que se dixo que se ían facer, e non se usaron as máquinas que podían traer unha redución dos custos que pode supoñer a dita reparación. Agora vense con que hai que facer unha intervención completa nova, por iso pregan que se faga no menor tempo posible, porque os veciños teñen un grave prexuízo neste tema.

Dona Elisa Pestonit Barreiros expón que, como saben, ela en decembro de 2015 non estaba levando estes temas. Efectivamente sabe desa conversa da que o señor concelleiro lle está falando, se non lembra mal foi o señor alcalde o que falou en persoa cos veciños. Sabe que se botou zahorra nesas entradas das casas que comenta, a modo de preventivo, ata que se puidera chegar a un asfaltado dunha das obras que houbera. Sabe desas conversas, pero ben, non sabe exactamente se ía ser co asfaltado da Castellana, aí si que se perde totalmente.

Despois, en canto ao barro e as follas, a brigada de limpeza, as catro mulleres que estaban contratadas por unha subvención, que remataron a semana pasada e que viñeron por seis meses, limparon toda a rúa Sixto hai dous meses como moito. Iso cre que foi visto por todos, porque recibiron chamadas de agradecemento de veciños na oficina de Servizos. É dicir, sábeno, non pasan todos os días por alí, pero cando se detectan ese tipo de problemas intentan arranxalos no momento.

Conclúe dicindo que en canto ao outro, a palabra do alcalde está cos veciños, e claro que se vai a facer, vaise arranxar esa rúa.

O señor alcalde concreta que foi cun veciño nada máis.

3º Persoas e traballadores do centro de saúde teñen manifestado ao noso grupo que o aparello expendedor de tickets para a revisión do sintróm instalado na sala correspondente para esta consulta, non se atopa nun lugar axeitado, producindo molestias entre os usuarios.

Pregamos realicen as xestións oportunas para solucionar este problema.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, explica que o aparello foi colocado polo Sergas, e foi colocado segundo as indicacións do persoal do centro. Como xa lles dixo antes, estivo falando onte con Pilar, que é a xefa, e co persoal do centro médico de aquí de Cambre, e non teñen constancia de ninguén que se queixara.

De todas formas, se tiveran algunha reclamación ou algunha denuncia sería cuestión de falar cos do Sergas, para que o volveran colocar onde o persoal do centro o mandara, pero xa lles di que non teñen ningunha constancia de que ninguén lles dixera nada diso, nin á xefa, nin ao persoal, nin a ninguén.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, expón que é un caso parecido ao que falaban antes. Neste caso a primeira hora da mañá a xente acude ao sintróm, non sabe se saben como é o tema, pero normalmente as persoas maiores que acoden á súa cita para que se lles revise o sintróm, e non é algo que pase aí soamente, tamén pasa na carnicería, todos queren chegar e coller número primeiro, iso é innato á condición humana, pero, ata onde eles saben, iso é así. Non saben se hai unha opción alternativa, pero si que existen ou teñen existido, e pide que non a entendan mal, incluso empuxóns e golpes. Algúns usuarios trasládanlles que se forma alí un pequeno rebumbio polo lugar onde está colocada a máquina. Ocórreselle que quizais unha opción é acudir a mirar como se fai ese reparto de tickets pola mañá.

Con isto quere dicir que eles llelo trasladan porque a eles tamén llelo trasladaron, non é algo que inventaran. Adoita haber algún tipo de choques, incluso lles falan de golpes ou de empuxóns, non sabe exactamente como defini-lo, pero ao mellor a solución pasa por ir a ver como funciona. Determinar se pode solucionarse, xa sexa por parte do Sergas ou do concello. Ver que efectivamente os usuarios do sintróm se sintan cómodos á hora de chegar e pedir cita, porque é certo que é un pouco obsoleta a máquina esa de sacar tickets como na peixería, pero ben, iso non significa que teña que provocar ningún problema.

Conclúe dicindo que, aínda así, si que é certo que lles trasladan que debe haber algún tipo, non sabe moi ben como defini-lo, porque non quere condicionar a acción do Goberno, pero si que os invitan a que acudan a ver como funciona o tema do sintróm.

Dona Josefa Vázquez Soto reitera que onte foi a falar con Pilar, co médico do sintróm, e foi en hora do sintróm para ver como funcionaba. Onte asegúralle que non houbo ningún problema. Preguntoulle ao médico, preguntoulle a Pilar e preguntoulle ás rapazas da entrada se sabían se houbera algunha vez algún problema, e todos lle contestaron que non, que nunca houbera problemas.

Pequenas rifas porque chegan case ao mesmo tempo, un colle primeiro o número e o de atrás lle di que chegou el antes, cousas así igual que nunha carnicería, nunha peixería ou nun supermercado, non máis, e conclúe insistindo en que estivo onte á hora de coller o número do sintróm.

O señor alcalde manifesta que se alegran de que sexa un tema puntual, ou polo menos entenden que é un tema puntual.

3.3. Preguntas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/494 o día 23 de xaneiro de 2017.

1^a Entre as competencias e funcións propias dos concellos atópanse as de manter en condicións adecuadas as infraestruturas viarias da súa titularidade, os accesos aos núcleos de poboación e a pavimentación das vías públicas. De aí a importancia e a responsabilidade do seu adecuado mantemento que obriga ao noso concello a remover os obstáculos que impidan ou dificulten gozar aos cidadáns na súa plenitude das ditas infraestruturas.

Veciños de Cambre puxéronse en contacto con membros do Grupo Municipal Popular alertando do mal estado e falta de mantemento dunha das beirarrúas que rodean o centro de saúde do Temple, próximo igualmente á gardería pública que se atopa ás súas costas, lugar polo tanto, tremendamente frecuentado polos veciños do lugar e usuarios de ambas instalacións. Sobre todo tendo en conta que xa dende hai semanas se atopa unha prancha metálica sobre a que se colocou unha pedra de mediano tamaño xunto cuns conos, que dificultan o tránsito dos peóns, tal e como demostran as fotografías que se achegan, e que provoca que os veciños se pregunten que é o que ocorre para que non se retiren os ditos elementos e por que.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente, que tipo de problema existe no mencionado lugar e as previsións existentes para a súa reparación co obxecto de evitar futuros problemas aos viandantes.

Don Juan González Leirós, concelleiro da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta que desta circunstancia xa se notificou a Telefónica, porque a infraestrutura non é municipal, é de Telefónica. Notificouse en setembro de 2016, e ata o de agora non teñen recibido resposta. Ademais, a comunicación con Telefónica é difícil, porque se permite, por parte de quen sexa, que esas empresas actúen como empresas absolutamente transparentes, chamas e non sabes con quen falas nin cal é a relación, co cal ás veces faise dificultoso. Incluso mándanse cartas e non se sabe se realmente a carta vai ou non vai, ou vén ou non vén, porque non hai contestación.

Ante iso, e aínda que non lles guste o procedemento, actuaron pola vía do “amiguismo” e intentaron localizar a xente coñecida para facer unha dobre función, aínda que insiste que isto non lles gusta, porque cren que todo debe levar o súa vía normal. Están agardando unha contestación desas persoas, para ver se poden axilizar o asunto.

Por outro medio tamén fixeron unha intervención, e o que lles comentaron, aínda que evidentemente non vai dicir quen llelo comentou, é que efectivamente estaba en Madrid, que se estaba atendendo a iso, pero que era un papel máis dos que estaban alí.

Conclúe dicindo que por iso van seguir insistindo, e se non é así procederán de oficio e intentarán buscar os medios para que Telefónica llelo pague, porque senón quen vai ter que pagalo é o veciño, e non lles parece xusto que unha infraestrutura desa empresa a pague o veciño.

2ª Para os efectos de facilitar o acceso de maiores ou persoas con mobilidade reducida aos autobuses, nalgunhas vilas e cidades estanse instalando nos últimos anos unha especie de plataformas que, a modo de prolongación das beirarrúas, colocan aos usuarios á mesma altura que o autobús, permitindo un acceso máis fácil a aqueles que máis dificultades teñen para iso.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente, se está previsto e cando construír algunha desas plataformas nas paradas de autobús do noso municipio, sobre todo naquelas parroquias que teñen maior poboación e utilización do transporte público, como Cambre, A Barcala e O Temple.

Dona Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, maniféstalle a don Juan Abalo Castex que, sen acritude, como concelleiro competente para contestar esta pregunta el tamén se fai unha pregunta, que é como ten o PP a desvergonza de traer unha pregunta sobre o transporte público colectivo, sobre as liñas de autobús neste concello, a este pleno, despois do papelón que fixeron durante o seu mandato, ignominioso nesta materia, onde se levantaron liñas de transporte público neste municipio, onde nin sequera se avisou aos usuarios e onde tiveron que padecer a inanición e a inacción máis desesperante por parte daquel Goberno municipal.

Agora preguntan dende o PP e se interesan polo tema das beirarrúas e a altura das paradas de autobús, e loxicamente está moi ben preocuparse por esa cuestión, pero o primeiro será procurar que haxa autobuses. Eles cren que iso é o fundamental e iso é no que están centrados neste momento, en batallar ante a administración, especialmente autonómica, e conseguir que os buses que deixaron de funcionar cando gobernaba o PP, volvan a funcionar.

Á pregunta de se hai, polo tanto, a día de hoxe e neste momento, algún tipo de previsión para construír algunha das plataformas nas paradas de autobús neste municipio, pois sinceramente a resposta é que non, porque están



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

focalizando a súa acción de goberno en conseguir máis e mellores servizos, especialmente, como dixo, os que se eliminaron cando gobernaba o PP.

E tamén lle di que non é esta a única medida, porque non é que desatendan o problema, non é unicamente unha das medidas que poidan vir sobre a mellora da infraestruturas, senón que teñen que batallar tamén, cousa da que o PP loxicamente sabe bastante pouco, para conseguir que os autobuses que prestan servizos en Cambre teñan unha plataforma que sube e baixa, como por exemplo os que prestan o servizo na cidade da Coruña, de tal maneira que ao lado dereito do frontal dos autobuses, onde están as portas de servizo para os usuarios, báixase, como aquel famoso Citroën que utilizaron os presidentes da República Francesa, e facilita o acceso das persoas que teñen dificultade de mobilidade.

Pero xa lle di, o fundamental neste momento e principal problema é que non hai buses. Que hai buses que deixaron de funcionar, e eles están centrando os seus esforzos nesa tarefa.

3ª Teñen sido varias as ocasións que o Grupo Municipal Popular preguntou en sede plenaria pola probable adquisición, por parte do noso concello, de terreos na parroquia cambresa de Cela para a construción dun centro social, ante as xustas demandas dos veciños e o feito de ser a única parroquia do noso municipio que carece del.

Tralas reunións e conversas que se estaban mantendo con representantes da Fundación Tenreiro, para os efectos da adquisición dun terreo da súa propiedade para tales fins, co transcurso dos meses todo parece indicar que aínda nos atopamos no punto de partida, razón pola cal, dende o Grupo Municipal Popular, pregúntase ao señor alcalde de Cambre, don Óscar García Patiño, se mantiveron conversas coa Fundación Tenreiro coa finalidade de informar a esta sobre a celebración dun concurso público, a situación subsistente entre ambas partes trala convocatoria e o resultado deste se se declara deserto.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, contesta que non é verdade que estean no punto de partida, están nun momento procedimental, un concurso público no que a súa característica principal é a libre concorrència. Ata este momento o que se fixo foi sacalo a concurso, ese concurso, como saben, quedou deserto, e ao non haber ningún licitador elevouse o prezo de saída logo dun informe favorable do arquitecto municipal.

Unha vez feito iso volveuse sacar a concurso, cun prezo máis alto, e ese é o proceso no que se atopan nestes intreos. O prazo de presentación de ofertas remata o 6 de febreiro.

Cando son as vinte e unha horas e corenta minutos, don Juan Abalo Castex, concelleiro do PP, manifesta que despois de que os compañeiros do seu grupo abandonaran o pleno pola expulsión inxusta e ilegal dunha das súas compañeiras, el tamén vai abandonar o pleno neste momento.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/018 o día 23 de xaneiro de 2017, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Pódense contar por dúcias as ocasións en que dende o noso grupo municipal e en corporacións anteriores, preguntamos e nos preocupamos pola situación do servizo da auga en Cambre, que leva moitos anos en precario, sen contrato e con poucos visos de que se arranxe esta situación. No pasado mes de outubro o Goberno de Cambre anunciou a contratación dunha auditoría para, unha vez analizada a situación da auga en Cambre e da ausencia de contrato, poder chegar a decidir se municipalizar o servizo, licitalo ou consorcialo.

Ante esta información o Grupo Municipal de ACdC pregunta:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Poden informarnos do resultado (completo ou parcial, segundo se atope) da auditoría contratada por máis de 20.000 euros para coñecer o estado das infraestruturas de subministración e rede de sumidoiros e da xestión económica do servizo de auga en Cambre así como as previsións do goberno a partires dos ditos resultados?

Don Juan González Leirós, concelleiro da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta que a información parcial vanlle permitir que non a dea mentres non estea o resultado final, pero ben, si lles pode dicir que se está no primeiro período, que é precisamente o de rescatar información, cousa que non é fácil, porque non hai nin moita, nin ás veces a que hai é precisa, e para facer unha boa análise necesitan unha boa información, senón debilitase a análise e debilitase a acción.

Nese punto están, e, como sabe que llo van preguntar, pode adiantarlles que a data para que estea o traballo terminado é o mes de abril, aínda que oxalá sexa antes.

O señor alcalde engade que, en todo caso, faranse públicos os resultados das auditorías, porque tamén se encargou unha polo tema das antenas, para saber cantas antenas hai e constan emitindo. Iso tamén se fará público.

2ª Poden informar os concelleiros responsables sobre as denuncias que teñen feito veciños de Cela sobre os defeitos de plumachos que se atoparon no último mes nas inmediacións do río Mero?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de Servizos, contesta que denuncias, ben, un veciño falou co concelleiro de Deportes, esa foi a tal denuncia, é dicir, foi a maneira na que dende o concello o grupo de goberno tivo coñecemento de que iso estaba sucedendo.

Foise a Cela, fíxose unha revisión, efectivamente había restos de poda, non eran soamente defeitos de plumachos, había restos de poda varia. Localizaron ao dono da parcela, é unha parcela privada que está á beira do río Mero, e era un familiar del que estaba cortando nas súas parcelas privadas e depositando alí os restos da poda que estaba facendo.

Falouse con el e o luns 16 de xaneiro, e se ben está facendo algo legal, porque esta dentro do seu terreo, o que si se lle dixo é que por favor o sacara de alí e o levara ao punto limpo correspondente. Iso é o que lle pode dicir.

3ª Tendo en conta que o noso grupo estivo constantemente perseguindo unha maior transparencia no que ás publicacións de acordos e novas do concello se trata, incluso, viu rexeitada unha proposta de moción favorecendo a transparencia, coa publicación do estado de cumprimento dos acordos plenarios e, ademais, vistas as derradeiras novas que atinxe a uns incumprimentos da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno aprobado ao respecto no ano 2016, como pode ser a carencia de información relacionada cos servizos públicos: custos, grao de cumprimento e calidade.

Poden informar ao Pleno da Corporación o concelleiro responsable de que pensan facer para a adaptación da páxina web e do portal de transparencia, así como dos tempos nos que se realizará a dita actualización?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta que o artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece que a partir dos dous anos dende a súa publicación, é dicir a partir do día 10 de decembro de 2017, as administracións públicas publicarán os plans e programas anuais e plurianuais nos que se fixen obxectivos concretos, así como as actividades, medios e tempo previsto para a súa consecución. O seu grao de cumprimento e resultados deberá ser obxecto de avaliación e publicación periódica, xunto cos indicadores de medida e valoración, na forma en que se determine por cada administración competente.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

No portal de transparencia do Concello de Cambre, que está na sede electrónica da Deputación Provincial, e ao que se pode acceder a través da páxina web municipal, hai un apartado denominado información económica orzamentaria e estatística, dentro do cal aparece un subapartado coa denominación servizos públicos, custos, grao de cumprimento e calidade. A día de hoxe é certo que non aparece ningún contido no dito apartado.

Explica que o cumprimento da dita obrigaición leva consigo a elaboración de informes para o efecto polos diferentes departamentos en relación con cada servizo, informes que ata o momento non se viñan realizando dunha maneira sistemática.

A raíz da presentación desta pregunta teñen comprobado outros portais de transparencia de concellos da zona, de maior e menor tamaño, incluso o da Deputación Provincial da Coruña, e o certo é que na maior parte deles non se presenta información a este respecto, ou en todo caso, como ocorre no portal do ente provincial, non se cumpre coa esixencia do artigo 6.2 da Lei de transparencia, senón que se refire exclusivamente ao custo total económico dos servizos.

Continúa dicindo que cuestión distinta é a esixencia que fai a lei sobre que debe constar o grao de cumprimento dos servizos, e que os resultados deberán ser obxecto de avaliación, xunto cos indicadores de medida e valoración. A este respecto existe a día de hoxe a Norma UNE 66182, Guía para a avaliación integral do Goberno municipal que proporciona ás administracións locais unha ferramenta de avaliación que engloba á totalidade da actividade municipal, para ofrecer aos cidadáns unha xestión integral de calidade.

A dita norma foi actualizada pola Federación Española de Municipios e Provincias, xunto con AENOR (Asociación Española de Normalización e Certificación), no ano 2016, para adaptarse ás novas necesidades das entidades locais. Di que este documento estrutúrase en catro cadrantes: desenvolvemento institucional para o bo goberno; desenvolvemento económico sostible; desenvolvemento social incluínte; e desenvolvemento ambiental sostible.

Para a avaliación integral do Goberno municipal, esas catro áreas recollen un total de 39 indicadores e 169 subindicadores, que abordan dende a estratexia de calidade e innovación, pasando pola eficacia dos servizos públicos, entre outros aspectos, aplicándose as directrices desta Norma ás distintas áreas dos entes locais, con independencia do seu tamaño, localización e servizos prestados.

A Norma elaborouse cun impulso da FEMP, e di que se poñerán en contacto coa Federación para informarse de como poder levar a cabo, no seu caso, ese proceso de avaliación integral do Goberno municipal de acordo coa Norma UNE.

Pregunta de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (C's) presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 999/017 o día 23 de xaneiro de 2017.

Única: En setembro de 2016, Ciudadanos preguntou neste pleno cando se ía reparar a vía de acceso ao polígono industrial do Espírito Santo dende a N-VI á altura do hotel Flor, polo estado de deterioración no que se atopa.

O Goberno respondeu que a acción debería ser conxunta co Concello de Sada por ter tramos pertencentes a ambos concellos. Dado que transcorreron 4 meses, Ciudadanos pregunta:

Iniciáronse as conversas con Sada para levar a cabo o arranxo da vía e, en caso afirmativo, en que fase se atopa?

Don Juan González Leirós, concelleiro da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta que dous matices. O primeiro matiz é que é exacto que pertence aos dous concellos, pero tamén é exacto que o 95% da reparación pertence a Sada, quere deixalo claro, e un 5% de onde están as fochancas pertence ao Concello de Cambre, polo tanto a iniciativa pertence máis ao Concello de Sada. É absurdo que repare o Concello de Cambre sen facelo Sada.

Puxéronse en contacto con Sada e Sada ten un proxecto, pero é un proxecto ambicioso, porque tamén ten que facer reparacións de auga, polo que entón están agardando unha resposta, porque como lle pasa ao Concello de Cambre, Sada non ten un gran orzamento.

Di que fai aquí unha solicitude a aqueles grupos que teñen membros no Parlamento, porque dado que esta estrada é unha estrada na que non soamente un ente local participa, senón que é unha estrada que transcende e é un sentido de comunicación supramunicipal, para que por favor tamén soliciten que o Goberno colateral da Xunta achegue algún tipo de formulación, ou que por exemplo se faga unha intervención dende a Consellería de Industria e acepten subvencionar esa parte da estrada, como xa pediu Sada dúas veces.

Di que é unha mágoa que non estea presente o Sr. Rivas, porque quería lembrarlle que el xa se ofreceu a facer varias tramitacións sobre o tema, sobre todo respecto do río da Gándara, e non tiveron contestación. Reitera que lle pide a todos os grupos que teñan parlamentarios que soliciten tamén o seu apoio nese sentido.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia